15.- Traballar activamente na tolerancia, no respecto dos dereitos, das liberdades fundamentais e da igualdade efectiva de oportunidades entre mulleres e homes, como ferramenta para mellorar a convivencia no centro.

Actuación:

| PLANIFICACIÓN ACTUACIÓN | CALENDARIO | RESPONSABLE | INDICADORES DE LOGRO |
|---|--------------|--|---|
| Implementación do Plan de Igualdade e de Convivencia do centro. | Todo o curso | Equipo Directivo e Coordinadora de Benestar e Convivencia do centro. | Realización de actividades previstas no plan, coordinadas pola coordinadora de benestar |
| Creación da figura do/a Coordinador/a de Benestar e Convivencia. | 1º Trimestre | Equipo Directivo | Un profesor/a foi nomeado |
| Difusión do NOF e aplicación correcta das medidas disciplinarias en caso necesario. | Todo o curso | Equipo Directivo e Tutores/as | O NOF é un documento coñecido pola comunidade escolar, sendo o referente para aplicar sancións. |
| Utilización dalgunhas conmemoracións do calendario escolar para organizar diferentes actividades que favorezan a Igualdade. | Todo o curso | Equipo Directivo, EDLG, Equipos das bibliotecas. | Decidir en CCP cales serán as conmemoracións onde se traballarán eses aspectos |
| Fomento da participación de todos/as os alumnos e alumnas naquelas iniciativas propostas que teñen como obxectivo traballar a igualdade e a convivencia entre todas as persoas. | Todo o curso | Equipo Directivo | A participación voluntaria do alumnado nestas actividades é superior ao 90% do total |

3.1.2.- *Relacionados co ámbito da organización e a administración.*

1.- Remitir ás administracións a documentación requerida que corresponda en cada momento, respectando os prazos establecidos.

Actuación:

| PLANIFICACIÓN ACTUACIÓN | CALENDARIO | RESPONSABLE | INDICADORES DE LOGRO |
|---|--------------|-----------------------|----------------------|
| Revisión diaria do DOG, e-mail do Centro, páxina da Consellería de Educación e Portal da Dirección para enviar canda documentación se solicite. | Todo o curso | Director e Secretaria | Revísase a diario |

| | | | |
|---|--------------|------------------------|--|
| Ofrecemento dunha resposta rápida a calquera requerimento ou documentación demandada. | Todo o curso | Director e Secretaria. | A resposta é rápida e dentro dos prazos requeridos |
|---|--------------|------------------------|--|

2.- Revisar e actualizar documentos que conforman o Proxecto de Centro.

Actuación:

| PLANIFICACIÓN ACTUACIÓN | CALENDARIO | RESPONSABLE | INDICADORES DE LOGRO |
|--|--------------|---|--|
| Revisión e actualización do NOF en caso necesario. | Todo o curso | Equipo Directivo | O NOF actualízase polo menos 1 vez cada curso. |
| Actualización do PEC. | 1º Trimestre | Director | Actualizou antes de fin de curso |
| Elaboración do Plan de Traballo da Cordinadora de Benestar e Convivencia | 1º trimestre | Equipo directivo e coordinadora de benestar e convivencia | O Plan elaborouse e formou parte da PXA |

3.- Solicitar ás Administracións toda a infraestrutura, dotación de material, investimentos e persoal docente e non docente, que sexan necesarios para o correcto funcionamento do Centro.

Actuación:

| PLANIFICACIÓN ACTUACIÓN | CALENDARIO | RESPONSABLE | INDICADORES DE LOGRO |
|---|--------------|-----------------------|---|
| Solicitud á Consellería nos prazos previstos do material necesario. | 1º trimestre | Director e Secretaria | Entrega da solicitude antes do 31 de outubro |
| Optimización no proceso de solicitude de persoal docente e non docente (baixas, permisos, ...), recortando na medida do posible os prazos de incorporación. | Todo o curso | Secretaria | Solicitalos cando é posible con antelación cando non é posible, solicitalo con menos de 2 horas de retraso desde a comunicación do parte por correo |

4.- Manter as instalacións en bo estado, reparando e corrixindo o antes posible as posibles deficiencias.

Actuación:

| PLANIFICACIÓN ACTUACIÓN | CALENDARIO | RESPONSABLE | INDICADORES DE LOGRO |
|--|--------------|-----------------------|----------------------|
| Realización dun control trimestral do estado das infraestructuras do | Todo o curso | Director e Secretaria | Realizouse o control |

| | | | |
|--|----------------------------|--|--|
| Centro | | | |
| Notificación rápida ao Concello das deficiencias relacionadas co mantemento, intentando conseguir unha rápida resposta. | Todo o curso | Director | Comunicación ao Concello das deficiencias o mesmo día que se detecten |
| Concienciación ao alumnado para que cada curso disminua o número de desperfectos nas instalacións provocados por unha mala utilización. | Todo o curso | Equipo Directivo e profesorado. | Tratamento deste tema en titorías. |
| Realización dunha inspección detallada das aulas a inicio e final de curso (sobre todo na ESO), rexistrando o estado ao principio e ao final, por se fora necesario pedir responsabilidades ás familias. | Principio e final de curso | Titores e Equipo Directivo | Cubrir a folia de rexistro ao inicio e ao final do curso. |
| Aplicaranse as medidas recollidas no NOF referente ao cuidado e posibles desperfectos causados no Centro. | Todo o curso | Equipo Directivo | Os desperfectos causados de forma intencionados serán pagados polas familias |
| Traballo nas titorías para concienciar ao alumnado de que ten que devolver a final de curso os libros de texto de fondo libros en bo estado. | Todo el curso | Equipo Directivo, profesorado e titores/as | Revisión dos libros devoltos, solicitando que as familias abonen aqueles con desperfectos causados por mal uso |

5.- Manter un bo nivel de seguridade no centro, tanto no desenvolvemento da vida escolar, como na prevención de roubos.

Actuación:

| PLANIFICACIÓN ACTUACIÓN | CALENDARIO | RESPONSABLE | INDICADORES DE LOGRO |
|---|--------------|----------------------------------|-----------------------------------|
| Revisión periódica dos mecanismos de seguridade e do valado perimetral do centro. | Todo o curso | Director, Secretaria e Conserxe. | Realizar unha supervisión mensual |
| Mantemento do contrato con Prosegur. | 1º Trimestre | Director e Secretaria | O contrato está vixente |
| Realización dun simulacro no centro. | 1º Trimestre | Equipo Directivo e profesorado. | Realizouse no 1º trimestre |

6.- Mellorar o servizo de limpeza do edificio de infantil e primaria

Actuación:

| PLANIFICACIÓN ACTUACIÓN | CALENDARIO | RESPONSABLE | INDICADORES DE LOGRO |
|-------------------------|------------|-------------|----------------------|
|-------------------------|------------|-------------|----------------------|

| | | | |
|---|--------------|-----------------------|--------------------------|
| Solicitud ao Concello para que amplíe os horarios do persoal de limpeza dese edificio. | 1º Trimestre | Director e Secretaria | Reunión cos responsables |
| Realización de dúas limpezas xerais (unha delas antes do inicio do curso) das superficies altas que non se limpan a diario. | Todo o curso | Director e Secretaria | Realización das limpezas |
| Limpeza dos cristais do edificio de ESO. | 1º Trimestre | Director e Secretaria | Realización da limpeza |

7.- Realizar melloras nas instalacións do Centro.

Actuación:

| PLANIFICACIÓN ACTUACIÓN | CALENDARIO | RESPONSABLE | INDICADORES DE LOGRO |
|--|--------------|-----------------------|--|
| Solicitud á Consellería da substitución do valado perimetral do colexio. | 1º Trimestre | Director e Secretaria | Realizar un estudo técnico e enviar solicitude á Consellería en colaboración co Concello |
| Búsqueda de solucións para os cortes eléctricos que dificultan o traballo nas aulas. | 1º Trimestre | Director e Secretaria | Os cortes eléctricos reducíronse con respecto ao curso anterior |
| Mellora da zona de xogos do parque infantil, adaptándoa á normativa vixente. | 1º Trimestre | Director e Secretaria | Realizar un estudo técnico e derivar a solicitude ao Concello para que a xestione a través da Deputación |
| Solicitud a Consellería dunha reforma integral do interior do edificio de E/I-E/P. | 1º Trimestre | Director e secretaria | Realizar un estudo técnico e enviar solicitude á Consellería en colaboración co Concello |
| Solicitud de cambio do valado exterior do centro | 1º Trimestre | Director e secretaria | Realizar un estudo técnico e enviar solicitude á Consellería en colaboración co Concello |
| Reparación das goteiras do edificio de ESO | 1º trimestre | Director e secretaria | O edificio de ESO xa non ten goteiras |
| Retirada dalgúns elementos do ximnasio de E/I – E/P. | 1º trimestre | Director | Eliminar os elementos antigos de madeira que están obsoletos e con carcoma |
| Creación dunha horta escolar en | Durante o | Director | Realización do |

| | | | |
|---|-------------------------------|----------|---|
| colaboración co Concello. | curso | | proxecto |
| Actuacións de mantemento nos días previos ao inicio de curso: -Acondicionamento 2ª aula polos creativos. -Desbroce do perímetro do centro. -Arranxo do campo de voleibol pequeno. -Arranxo dunha parte do valado da zona do campo de voleibol. - Arranxo das escaleiras de acceso ao comedor. -Arranxo de varias plaquetas do patio. - Recollida do escombros que deixaron os do obradoiro de xardinería | 1º Trimestre, antes do inicio | Director | Realización de todas as actuacións de mantemento detalladas |

8.- Confeccionar o presuposto anual con criterios axustados e coherentes á realidade dos gastos, tratando de mellorar as condicións materiais do centro.

Actuación:

| PLANIFICACIÓN ACTUACIÓN | CALENDARIO | RESPONSABLE | INDICADORES DE LOGRO |
|---|---------------|--|---|
| Comprobación permanente do estado das contas e realización de estimacións e priorizacións de actuacións pendentes | Todo o curso | Secretaria e Director | Revisións quincenais das contas |
| Análise ao final de cada trimestre do balance de ingresos - gastos | Todo o curso. | Secretaria, Director e Comisión Económica. | Reunión trimestral da secretaria, o director e a comisión económica |

3.1.3.- Relacionados co ámbito da proxección interna e externa.

1.- Convocar aos órganos colexiados e de coordinación docente, como mínimo nas ocasións que a lexislación establece.

Actuación:

| PLANIFICACIÓN ACTUACIÓN | CALENDARIO | RESPONSABLE | INDICADORES DE LOGRO |
|--|--------------|------------------|----------------------|
| Realización polo menos dun Claustro e Consello Escolar en cada trimestre | Todo o curso | Equipo Directivo | Actas |
| Realización polo menos dunha Comisión de Coordinación | Todo o curso | Equipo Directivo | Actas |

| | | | |
|----------------------|--|--|--|
| Pedagóxica cada mes. | | | |
|----------------------|--|--|--|

2.- Seguir mellorando a organización, a dinámica das reunións e o traslado da información da CCP, Claustro e do Consello escolar ao resto do profesorado non participante ou asistente.

Actuación:

| PLANIFICACIÓN ACTUACIÓN | CALENDARIO | RESPONSABLE | INDICADORES DE LOGRO |
|--|--------------|------------------|---|
| Utilización dos espazos habilitados nas salas de profesores para deixar a documentación. | Todo o Curso | Equipo Directivo | A documentación atópase no lugar habilitado |
| Realización de reunións previas a Claustros ou CCPs cando os temas a tratar así o aconsellen. | Todo o curso | Equipo Directivo | Convocatorias das reunións |
| Cando sexa necesario, envío previo de documentación ao profesorado e aos membros do Consello Escolar a través do correo electrónico. | Todo o curso | Equipo Directivo | A documentación envíase sempre por correo electrónico |
| Envío a todo o profesorado dos borradores das actas de reunión da CCP, do Claustro e do Consello Escolar | Todo o curso | Secretaria | O profesorado recibiu todos os borradores das actas no seu correo |
| Envío de todas as convocatorias coa antelación mínima que establece a normativa. | Todo o curso | Equipo Directivo | As convocatorias enviáronse cumprindo os prazos |

3.- Adecuar a comunicación co profesorado ao recollido no protocolo de comunicación interna.

Actuación:

| PLANIFICACIÓN ACTUACIÓN | CALENDARIO | RESPONSABLE | INDICADORES DE LOGRO |
|---|---------------------------------------|--------------------------------|---------------------------------------|
| Utilización dos canles de comunicación establecidos no protocolo de comunicación interna. | Todo o curso | Equipo directivo | A utilización está normalizada |
| Entrega da documentación necesaria a cada docente nos primeiros días de setembro. | 1ª trimestre antes do inicio do curso | Xefe/a de Estudos e Secretaria | Os docentes recibiron a documentación |

4.- Colaborar para que o persoal non docente poida desenvolver eficazmente o seu traballo (Servizo de limpeza, persoal de cociña, persoal de administración, consixería ...).

Actuación:

| PLANIFICACIÓN ACTUACIÓN | CALENDARIO | RESPONSABLE | INDICADORES DE |
|-------------------------|------------|-------------|----------------|
|-------------------------|------------|-------------|----------------|

| | | | LOGRO |
|---|--------------|-----------------------|---|
| Darlle a información necesaria para que coñezan os seus deberes e obrigas. | 1º Trimestre | Director e Secretaria | Coñecen a existencia do NOF onde veñen indicados os seus deberes e obrigas |
| Facilitarlles os medios necesarios para que poidan desenvolver o seu traballo coa maior eficacia posible. | Todo o curso | Director e Secretaria | Estúdanse con interese as súas demandas, tendo ademais á súa disposición o material existente no centro |

5.- Atender profesionalmente as demandas do persoal non docente e as súas solicitudes, establecendo ademais as reunións necesarias.

Actuación:

| PLANIFICACIÓN ACTUACIÓN | CALENDARIO | RESPONSABLE | INDICADORES DE LOGRO |
|---|--------------|------------------------|---|
| Dispoñibilidade permanente do director e da secretaria para atender as súas demandas ou solicitudes. | Todo o curso | Director e Secretaria | A disposición é permanente |
| Realización dun mínimo dunha reunión trimestral cos diferentes sectores do persoal non docente, co obxectivo de optimizar o seu rendemento. | Todo o curso | Director | Realización das reunións |
| Información ao persoal non docente de todos aqueles documentos, noticias... que poidesen ser do seu interese. | Todo o curso | Director e Secretaria | A documentación que nos chega trasládase de forma inmediata |
| Compra ao persoal de cociña do material estipulado por lei. | 1º trimestre | Director e Secretaria. | Realización da compra no 1º trimestre |

6.- Impulsar aquelas propostas e peticións que o profesorado formule no Centro (individual ou colectivamente) cuxo fin sexa elevar o índice da calidade do ensino.

Actuación:

| PLANIFICACIÓN ACTUACIÓN | CALENDARIO | RESPONSABLE | INDICADORES DE LOGRO |
|--|--------------|------------------|--|
| Estudo das solicitudes e posta en común co resto do profesorado e cando se consideren propostas significativas e interesantes, trasladalas ao Claustro ou convocar unha reunión para presentalas e consensualas. | Todo o curso | Equipo Directivo | Todas as propostas que chegaron ao equipo directivo estúdanse e trasládanse ao claustros en caso necesario |

| | | | |
|--|--------------|------------------|---|
| Mantemento dunha postura de cercanía, colaboración e comunicación permanente entre o Equipo Directivo e o profesorado. | Todo o curso | Equipo Directivo | O equipo directivo mostra unha disposición permanente para atender a calquera docente |
|--|--------------|------------------|---|

7. Axilizar o traslado de información e a comunicación do profesorado co Departamento de Orientación.

Actuación:

| PLANIFICACIÓN ACTUACIÓN | CALENDARIO | RESPONSABLE | INDICADORES DE LOGRO |
|--|--------------|---|---|
| Asistencia da Xefa do Departamento de Orientación a todas as reunións de avaliación das diferentes etapas, incluídas as da avaliación inicial. | Todo o curso | Equipo Directivo | Asistencia ás reunións de avaliación |
| Contacto fluído e periódico da orientadora cos titores/as de todas as etapas impartidas. | Todo o curso | Xefa do Departamento de Orientación, titores/as e Xefes de estudo | O D.O. mantén un contacto permanente cos diferentes titores/as. |

8.- Dar a coñecer ao alumnado o NOF e o Plan de Convivencia.

Actuación:

| PLANIFICACIÓN ACTUACIÓN | CALENDARIO | RESPONSABLE | INDICADORES DE LOGRO |
|---|--------------|---|--|
| Traballo nas titorías sobre aqueles aspectos principais do NOF e do Plan de Convivencia: dereitos e obrigas, normas de convivencia, faltas de conducta e sancións, etc... | 1º Trimestre | Xefes de Estudo, Titores de grupo, D.O. | Os titores traballaron cos seus alumnos/as sobre eses aspectos |

9.- Fomentar a participación do alumnado na vida do Centro.

Actuación:

| PLANIFICACIÓN ACTUACIÓN | CALENDARIO | RESPONSABLE | INDICADORES DE LOGRO |
|--|--------------|------------------------------|----------------------------------|
| Traballo de concienciación do profesorado cara o alumno/a para que comprenda a importancia que | Todo o curso | Equipo directivo, Equipos de | O profesorado motiva ao alumnado |

| | | | |
|---|--------------|-------------------------------|---|
| ten para a convivencia, a realización de determinadas actividades. | | biblioteca, EDLG, profesorado | |
| Contacto periódico da dirección do centro coa xunta de delegados (5º/6º de primaria e todos os da ESO). | Todo o curso | Equipo Directivo | Realizouse polo menos unha reunión trimestral da dirección do centro coa xunta de delegados |
| Facilitación de espazos para as reunións de alumnos/as e da Xunta de Delegados/as. | Todo o curso | Equipo Directivo | Os alumnos/as dispoñen de espazos para as súas reunións |

10.- Reforzar os canles de comunicación coas familias para conciencialas da importancia que ten a súa implicación no proceso de ensinanza-aprendizaxe dos seus fillos/as.

Actuación:

| PLANIFICACIÓN ACTUACIÓN | CALENDARIO | RESPONSABLE | INDICADORES DE LOGRO |
|--|--------------|--|---|
| Mellora da comunicación dos titores/as con cada unha das familias, intentando manter polo menos unha reunión ou contacto telefónico trimestral. | Todo o curso | Titores e xefaturas de Estudo | Cada titor contactou polo menos nunha ocasión por trimestre coas familias da súa titoría |
| Utilización da Aplicación TokApp School, de Abalar e do resto de canles establecidos no protocolo de comunicación externa, para a mellora da comunicación coas familias. | Todo o curso | Todo o Profesorado. | As familias reciben a maioría das comunicacións por tokapp e por Abalar |
| Traballo de sensibilización e implicación coas familias para que comprendan a importancia da súa colaboración no proceso de ensinanza e aprendizaxe e no traballo escolar diario dos seus fillos/as. | Todo o curso | Equipo Directivo, profesorado e Titores/as. | Os titores/as trataron o tema coas familias aproveitando as titorías. |
| Información directa da orientadora coas familias para mellorar na eleccións de itinerarios, materias optativas, estudos a realizar despois da ESO, ... | Todo o curso | Equipo directivo e Departamento de Orientación. | Dispoñibilidade permanente da orientadora para atender ás familias |
| Concienciación ás familias para que comuniquen ao centro o antes posible, calquera situación problemática que poidan afectar ao seu fillo/a, ou a outro alumno/a. | Todo o curso | Equipo Directivo, Titores/as, Departamento de Orientación. | Nas reunións presenciais de presentación de inicio de curso, todos os titores/as informaron ás familias destes aspectos |

11.- Potenciar a participación das familias na vida escolar.

Actuación:

| PLANIFICACIÓN ACTUACIÓN | CALENDARIO | RESPONSABLE | INDICADORES DE LOGRO |
|--|--------------|--------------------------------------|---|
| Realización dunha reunión informativa por titoría ao inicio do curso escolar. | 1º Trimestre | Director | Todos os titores/as dos cursos fixeron unha reunión de presentación |
| Dispoñibilidade permanente do Equipo Directivo para manter reunións ou entrevistas coas familias, dentro do seu horario específico de cargo directivo, sempre que se estime necesario ou que o demanden. | Todo o curso | Equipo Directivo | Atendéronse todas as peticións de reunión |
| Revisión periódica da caixa de correo das suxerencias, peticións e queixas | Todo o curso | Director e persoal de administración | Revisouse semanalmente |
| Habilitación da antiga aula de PDC, como espazo de reunión dos titores de ESO cos pais. | Todo o curso | Equipo Directivo | A aula está habilitada e utilízase habitualmente para as reunións |

12.- Manter unha postura de apertura e colaboración permanente coa ANPA e familias en xeral.

Actuación:

| PLANIFICACIÓN ACTUACIÓN | CALENDARIO | RESPONSABLE | INDICADORES DE LOGRO |
|--|--------------|-------------|---|
| Mantemento dun contacto permanente coa presidenta e directiva da ANPA | Todo o curso | Director | O contacto é frecuente, producíndose varias veces ao mes |
| Cesión das instalacións do centro a ANPA para que realice as súas asembleas. | Todo o curso | Director | As solicitudes de cesión foron atendidas |
| Asignación de aulas e espazos para as actividades extraescolares da ANPA. | 1º Trimestre | Dirección | Ademais do ximnasio de EI/EP e ESO, da aula de informática de EI/EP, dispoñen dunha aula exclusiva para as súas actividades |
| Colaboración coa ANPA para que transmitan información ás familias a través da aplicación tokapp. | Todo o curso | Director | A ANPA transmitiu a información a través da nosa aplicación Tokapp School |

| | | | |
|---|--------------|------------------|-----------------------------------|
| Colaboración coas familias e coa ANPA naquelas propostas que sexan de interese, | Todo o curso | Equipo Directivo | Predisposición máxima a colaborar |
|---|--------------|------------------|-----------------------------------|

13.- Colaborar con outras entidades locais e/ou comarcais, facilitando a cesión de espazos para a realización de actividades culturais e deportivas no centro.

Actuación:

| PLANIFICACIÓN ACTUACIÓN | CALENDARIO | RESPONSABLE | INDICADORES DE LOGRO |
|--|--------------|-------------|--|
| Promoción do centro como un espazo cultural e deportivo aberto. | Todo o curso | Director | O centro dispón de diferentes canles actualizados de difusión. |
| Cesión das nosas instalacións para a realización de actividades extraescolares, deportivas ou culturais. | Todo o curso | Director | Todas as solicitudes de realización de actividades foron autorizadas |

14.- Informar ás familias sobre aqueles aspectos relevantes, que poidan ser do seu interese ou que afecten á educación dos seus fillos.

Actuación:

| PLANIFICACIÓN ACTUACIÓN | CALENDARIO | RESPONSABLE | INDICADORES DE LOGRO |
|---|--------------|--|--|
| Utilización dos canles establecidos no protocolo de comunicación externa do centro. | Todo o curso | Docentes, Equipo Directivo e persoal de servizos | Utilízanse de forma exclusiva os recollidos no protocolo |
| Para informacións relevante, ademais utilizarase a páxina web do centro. | Todo o curso | Director e Secretaria | Realizáronse as publicacións na páxina web |

15.- Fomentar a comunicación e a realización de actividades con outros centros educativos da comarca.

Actuación:

| PLANIFICACIÓN ACTUACIÓN | CALENDARIO | RESPONSABLE | INDICADORES DE LOGRO |
|---|--------------|-------------|---|
| Mantemento dun contacto fluído e periódico co CEIP Xacinto Amigo Lera, centro adscrito. | Todo o curso | Director | Existe un contacto moi fluído e cordial |
| Mellora da comunicación con outros centros da contorna | Todo o curso | Director | Existen contactos puntuais con outros centros da contorna |
| Realización dunha xornada de | 3º Trimestre | Director | Realización da |

| | | | |
|--|--|--|------------------------|
| convivencia deportiva co CPI Viaño Pequeno de Trazo. | | | xornada de convivencia |
|--|--|--|------------------------|

16.- Difundir por diferentes canles as actividades realizadas no centro.

Actuación:

| PLANIFICACIÓN ACTUACIÓN | CALENDARIO | RESPONSABLE | INDICADORES DE LOGRO |
|--|--------------|-------------|--|
| - Continuación coa actualización e mellora da páxina web do centro, fomentando o uso entre a comunidade escolar. | Todo o curso | Director | A páxina web está actualizada |
| - Diversificación das canles de difusión externa das actividades do centro, utilizando as redes sociais de forma pedagóxica, entendéndoas como unha ferramenta máis que forma parte do proceso de ensinanza aprendizaxe. | 3º Trimestre | Director | Utilización habitual da páxina web, blogues das bibliotecas e do Instagram |

DOCUMENTO Nº 2 P.X.A.: HORARIO XERAL DO CENTRO.

ÍNDICE:

| | |
|--|-----------|
| 1.- CALENDARIO ESCOLAR 2023/24. | 42 |
| 2.- HORARIO XERAL DO CENTRO | 43 |
| 2.1.- <i>Horario lectivo.</i> | 43 |
| 2.2.- <i>Horario de atención ao público nos días lectivos.</i> | 44 |
| 2.3.- <i>Horario de atención ao público nos días laborables non lectivos.</i> | 44 |
| 2.4.- <i>Horario de utilización das instalacións para actividades extraescolares e deportivas.</i> | 44 |

1.- CALENDARIO ESCOLAR

Como indica a ORDE do 3 de maio de 2023 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/24 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia. As actividades lectivas comezaron o 11 de setembro para todas as etapas educativas, sendo o último día lectivo o 21 de xuño de 2024.

Periodos de vacacións:

Nadal: desde o día 22 de decembro de 2023 ata o día 7 de xaneiro de 2024, ambos os dous inclusive.

Entroido: días 12, 13 e 14 de febreiro de 2024.

Semana Santa: desde o día 25 de marzo ata o día 1 de abril de 2024, ambos os dous inclusive.

Días non lectivos:

- Ademais das festas de ámbito estatal, son días non lectivos os festivos así declarados pola Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia, en exercicio das competencias que lle atribúe o artigo 45 do Real decreto 2001/1983, do 28 de xullo, sobre regulación da xornada de traballo, xornadas especiais e descansos, na súa redacción dada polo Real decreto 1346/1989, do 3 de novembro, e as festas laborais de carácter local publicadas por resolución da devandita consellería.

- Día festivo elixido polo centro para este curso: o 10 de maio de 2024, aprobados no Consello Escolar ordinario do día 8 de setembro de 2023.

2.- HORARIO XERAL DO CENTRO

O centro ten concedido un horario de Xornada Continua para EI/EP e mixta para a ESO. Con inicio ás 9:15 horas e remate ás 16:15 horas coa saída do transporte escolar.

O centro permanecerá pechado durante os periodos de vacacións e festivos nacionais, autonómicos e locais, establecidos no calendario escolar do curso 2023/24.

2.1.- Horario lectivo.

Xornada Única en EI/EP: de luns a venres das 9:15 horas ás 14:15 horas.

| HORA | LUNS | MARTES | MÉRCORES | XOVES | VENRES |
|-------------|----------------------|----------------------|----------------------|----------------------|----------------------|
| 9:15-10:10 | 1ª SESIÓN | 1ª SESIÓN | 1ª SESIÓN | 1ª SESIÓN | 1ª SESIÓN |
| 10:10-11:05 | 2ª SESIÓN | 2ª SESIÓN | 2ª SESIÓN | 2ª SESIÓN | 2ª SESIÓN |
| 11:05-11:55 | 3ª SESIÓN | 3ª SESIÓN | 3ª SESIÓN | 3ª SESIÓN | 3ª SESIÓN |
| 11:55-12:25 | RECREEO | RECREEO | RECREEO | RECREEO | RECREEO |
| 12:25-13:20 | 4ª SESIÓN | 4ª SESIÓN | 4ª SESIÓN | 4ª SESIÓN | 4ª SESIÓN |
| 13:20-14:15 | 5ª SESIÓN | 5ª SESIÓN | 5ª SESIÓN | 5ª SESIÓN | 5ª SESIÓN |
| 14:50-16:15 | COMEDOR E RECREEO | COMEDOR E RECREEO | COMEDOR E RECREEO | COMEDOR E RECREEO | COMEDOR E RECREEO |

O profesorado permanecerá no centro os martes das 14:35 horas ás 16:35 horas, para realizar diferentes tarefas como reunións do equipo docente e dos Equipos de Ciclo, reunións do Equipo de Biblioteca, titorías cos pais, etc...

Ademais todos os días realizaranse as gardas de custodia de entrada tanto en infantil e primaria como en secundaria, cun número de docentes establecido pola ratio de alumnos/as.

En infantil e primaria, as gardas de custodia de saída ás 16:15 horas, faranas o persoal que colabora no comedor coordinados pola dirección do centro, mentres que en secundaria, os luns e martes faranas o profesorado desa etapa e o mércores, xoves e venres o persoal colaborador de comedor coordinados tamén polo director.

En educación infantil e primaria, tanto as gardas de custodia, como as lectivas faranse de forma rotatoria.

Xornada Mixta en Educación Secundaria: luns e martes das 9:15 ás 14:50 horas e das 15:25 ás 16:15 horas. Os Mércores, xoves e venres das 9:15 ás 14:50 horas.:

| HORA | LUNS | MARTES | MÉRCORES | XOVES | VENRES |
|-------------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|
| 9:15-10:05 | 1ª SESIÓN | 1ª SESIÓN | 1ª SESIÓN | 1ª SESIÓN | 1ª SESIÓN |
| 10:05-10:55 | 2ª SESIÓN | 2ª SESIÓN | 2ª SESIÓN | 2ª SESIÓN | 2ª SESIÓN |
| 10:55-11:10 | RECREEO | RECREEO | RECREEO | RECREEO | RECREEO |
| 11:10-12:00 | 3ª SESIÓN | 3ª SESIÓN | 3ª SESIÓN | 3ª SESIÓN | 3ª SESIÓN |

| | | | | | |
|-------------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|
| 12:00-12:50 | 4ª SESIÓN | 4ª SESIÓN | 4ª SESIÓN | 4ª SESIÓN | 4ª SESIÓN |
| 12:50-13:10 | RECREO | RECREO | RECREO | RECREO | RECREO |
| 13:10-14:00 | 5ª SESIÓN | 5ª SESIÓN | 5ª SESIÓN | 5ª SESIÓN | 5ª SESIÓN |
| 14:00-14:50 | 6ª SESIÓN | 6ª SESIÓN | 6ª SESIÓN | 6ª SESIÓN | 6ª SESIÓN |
| 13:45-14:15 | COMEDOR | COMEDOR | COMEDOR | COMEDOR | COMEDOR |
| 14:50-16:15 | 7ª SESIÓN | 7ª SESIÓN | E RECREO | E RECREO | E RECREO |

Todos os días realizaranse as gardas de custodia de entrada e os luns e martes de saída en función da ratio de alumnos/as.

2.2.- Horario de atención ao público nos días lectivos.

O centro permanecerá aberto ao público das 8:45 horas ás 16:15 horas.

2.3.- Horario de atención ao público nos días laborables non lectivos.

Setembro e xuño: das 9:00 horas ás 14:00 horas.

Xullo: das 9:30 horas ás 13:30 horas.

Agosto: o centro permanecerá pechado.

2.4.- Horario de utilización das instalacións para actividades extraescolares e deportivas.

Para este curso, o Consello Escolar autorizou as seguintes:

| ENTIDADE SOLICITANTE | ACTIVIDADE | ESPAZO SOLICITADO | HORARIO |
|--|--|--|---|
| Asociación "Dubratambre" | Tenis de mesa | Ximnasio de secundaria | Luns e xoves das 21:00 horas ás 22:00 horas. Martes, mércores e venres de 19:00 horas a 22:00 horas. Domingos: competicións |
| Escola de Kárate Val do Dubra | Kárate | Ximnasio de secundaria | Luns e xoves de 18:00 horas a 21:00 horas |
| ANPA (Todas as actividades impártense das 15:00 horas ás 16:00 horas, sendo o director o docente que queda todos os días como supervisor destas. | Inglés, danza, robótica, pintura, multideporte, teatro | Aula de actividades extraescolares e ximnasios | Luns: inglés (5º e 6º EP) e teatro. Martes: multideporte e Pintura (1º e 2º EP) Mércores: pintura Xoves: danza Venres: robótica e Inglés (infantil) |

DOCUMENTO Nº 3 P.X.A.: ORGANIZACIÓN DOS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS.

ÍNDICE:

| | |
|--|-----------|
| 1.- PROGRAMACIÓN ANUAL DO SERVIZO DE TRANSPORTE ESCOLAR PARA ESTE CURSO ACADÉMICO | 45 |
| 1.1.- HORARIOS | 45 |
| 1.2.- ORGANIZACIÓN DO SERVIZO | 45 |
| 1.3.- RUTAS | 46 |
| 2.- PROGRAMACIÓN ANUAL DO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR PARA ESTE CURSO ACADÉMICO | 46 |
| 2.1.- DATOS XERAIS | 46 |
| 2.2.- PERSOAL COLABORADOR | 48 |
| 2.3.- INSTALACIÓNS | 49 |
| 2.4.- OBXECTIVOS | 49 |
| 2.5.- ACTIVIDADES EDUCATIVAS DURANTE O SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR | 49 |

1.- PROGRAMACIÓN ANUAL DO SERVIZO DE TRANSPORTE ESCOLAR PARA ESTE CURSO ACADÉMICO

1.1.- HORARIOS

Os horarios do transporte escolar para o curso serán os seguintes:

Chegada: ás 9:15 horas.

Saída: ás 16:15 horas.

1.2.- ORGANIZACIÓN DO SERVIZO

A porta do centro abrirase ás 9:05, polo que o alumnado non poderá saír do autobús ata ese momento.

Os alumnos/as baixarán do seu autobús custodiados polos coidadores que viaxaron con eles, que os acompañarán ata a porta do colexio, momento no que pasarán a ser

custodiados polo profesorado de garda.

Dentro do recinto escolar, á chegada do alumnado o profesorado de garda de custodia será o responsable da súa supervisión e control. Nas saídas, a excepción dos luns e martes na etapa de secundaria que a custodia farana o profesorado, a custodia realizarana as coidadoras do servizo de comedor, apoiadas polo director do centro.

1.3.- RUTAS

O centro dispón de 9 rutas para atender ao alumnado do centro:

| RUTA | EMPRESA | DESCRICIÓN DA RUTA | HORARIO | ALUMNOS/AS TRANSPORTADOS |
|--------------------------------|---------|---|---|--------------------------|
| Nº 1 | U.T.E | CPI de Bembibre - Xermán | Chegada: 9:15 horas. Saída: 16:15 horas. | 42 |
| Nº 2 | U.T.E | CPI de Bembibre - Santo Estevo | Chegada: 9:15 horas. Saída: 16:15 horas. | 5 |
| Nº 3 | U.T.E | CPI de Bembibre - Malvárez | Chegada: 9:15 horas. Saída: 16:15 horas. | 17 |
| Nº 4 | U.T.E | Benza - Pousadoiro | Chegada: 9:15 horas. Saída: 16:15 horas. | 13 |
| Nº 5 | U.T.E | Benza – O Rapadoiro | Chegada: 9:15 horas. Saída: 16:15 horas. | 6 |
| Nº 6 | U.T.E | Benza – San Román | Chegada: 9:15 horas. Saída: 16:15 horas. | 18 |
| Nº 7 | U.T.E | CPI de Bembibre - Pedrasalgueira-Nariño | Chegada: 9:15 horas. Saída: 16:15 horas. | 24 |
| Nº 8 | U.T.E | CPI de Bembibre - Fontaiña | Chegada: 9:15 horas. Saída: 16:15 horas. | 40 |
| Nº 9 | U.T.E | CPI – Bembibre - Portomouro | Chegada: 9:15 horas. Saída: 16:15 horas. | 50 |
| TOTAL ALUMNOS/AS TRANSPORTADOS | | | | 215 |

2.- PROGRAMACIÓN ANUAL DO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR PARA ESTE CURSO ACADÉMICO

2.1.- DATOS XERAIS

Número de comensais diarios:

| ETAPA | Nº DE ALUMNOS/AS |
|---------------------------------------|------------------|
| INFANTIL | 31 |
| PRIMARIA | 107 |
| SECUNDARIA | 94 |
| PERSOAL DE COCIÑA | 3 |
| PERSOAL COLABORADOR | 10 |
| DIRECTOR E ENCARGADA DO COMEDOR | 2 |
| PROFESORADO (é unha cifra aproximada) | 3 |

| | |
|---------------------------------------|-----|
| TOTAL APROXIMADO COMENSAIS DIARIOS | 250 |
|---------------------------------------|-----|

En función destes datos de alumnado a este centro correspóndelle unha categoría de TIPO C (de 151 a 250 comensais) con 10 colaboradores/as diarias como máximo nas tarefas de vixiancia.

Calendario e horario:

O servizo de comedor empeza o 11 de setembro de 2023 e rematará o 21 de xuño de 2024.

Para o alumnado establecéronse dúas quendas de comedor, unha para Infantil e Primaria e outra para Secundaria, en función dos distintos horarios de remate das clases da mañá.

As quendas de comida para o servizo de comedor serán os seguintes:

Quenda persoal de cociña: 13:00 horas.

Quenda Colaboradoras de comedor: 13:45 horas.

Quenda de Infantil e Primaria: 14:15 horas.

Quenda de ESO: 14:50 horas.

Quenda director e encargada: 15:30 horas.

Equipo de comedor:

A relación dos responsables, así como do persoal que se encarga da vixiancia e os días que a realiza e a seguinte:

| Responsables do comedor | | |
|--------------------------------|-----------------------------------|---------------------------------------|
| | APELIDOS E NOME | DÍAS DE COLABORACIÓN |
| DIRECTOR | Miguel Ángel Abarca Ribas | Luns, Martes, Mércores, Xoves, Venres |
| ENCARGADA | M ^a Carmen García Noya | Luns, Martes, Mércores, Xoves, Venres |

| Nais ou pais colaboradores | | |
|-----------------------------------|-------------------------|---------------------------------------|
| | APELIDOS E NOME | DÍAS DE COLABORACIÓN |
| 1 | Mónica Atán Rodríguez | Luns, Martes, Mércores, Xoves, Venres |
| 2 | Manuela Blanco Negreira | Luns, Martes, Mércores, Xoves, Venres |
| 3 | Patricia Casas Nieto | Luns, Martes, Mércores, Xoves, Venres |
| 4 | Marta Cerviño Garazo | Luns, Martes, Mércores, Xoves, Venres |

| | | |
|----|---------------------------------------|---------------------------------------|
| 5 | M. ^a Ángeles Cornes Nouche | Luns, Martes, Mércores, Xoves, Venres |
| 6 | M. ^a Carmen Costa iglesias | Luns, Martes, Mércores, Xoves, Venres |
| 7 | Pilar Fernández Aires | Luns, Martes, Mércores, Xoves, Venres |
| 8 | Antonia Grela Calo | Luns, Martes, Mércores, Xoves, Venres |
| 9 | Marisol Mouro Paramá | Luns, Martes, Mércores, Xoves, Venres |
| 10 | Silvia Mouro Paramá | Luns, Martes, Mércores, Xoves, Venres |
| 11 | Martha Ramírez Rosso | Luns, Martes, Mércores, Xoves, Venres |
| 12 | Ana Viqueira Amarelle | Luns, Martes, Mércores, Xoves, Venres |

O horario do persoal colaborador do servizo de comedor será o seguinte:

As colaboradoras que así o desexen, poderán comer gratuitamente ás 13:45 horas os días nos que colaboren.

Horario de atención aos alumnos/as: das 14:15 horas ás 16:15 horas.

2.2.- PERSOAL COLABORADOR

O persoal colaborador terá como función o desenvolvemento das tarefas de vixilancia durante as comidas e o tempo de lecer anterior e posterior as mesmas.

1. Toda persoa que desenvolva funcións de colaborador no comedor, ten os mesmos dereitos e deberes no desempeño da súa función, independentemente que sexa profesorado do centro, persoal non docente ou nai ou pai do alumno/a.
2. O persoal colaborador de comedor deberá atender aos alumnos/as, asumindo as súas funcións recollidas no Protocolo de Funcionamento do Comedor.
3. O persoal colaborador comerá antes da primeira quenda dos alumnos/as.
4. Persoal docente, non docente e colaboradores que coman no comedor deberán recoller o seu servizo ao rematar a comida e desinfectar o seu posto.
5. O profesorado non colaborador que utilice o servizo de comedor, poderá xantar nas quendas do alumnado.
6. Os colaboradores/as de comedor poderán avisar á dirección do centro para que anote no parte de incidencias correspondente, aquelas condutas contrarias á convivencia observadas nos alumnos/as, tanto no propio comedor, como na garda posterior de patio.
7. O persoal colaborador deberá pasear entre as mesas, axudando aos alumnos/as menos autónomos e vixiando para que todos coman con corrección.
- 8.- Os colaboradores/as que saen ao patio cos alumnos/as deberán facelo cando eles.
- 9.- Os colaboradores de garda no patio deberán distribuírse e vixiar todo o recinto escolar, según está recollido na Programación Anual do Servizo de Comedor e deberán de controlar que ningún alumno/a saia do centro.
- 10.- Cando un alumno/a se lastime no patio o colaborador de garda máis cercano o atenderá e o acompañará a administración se fora necesario.
- 11.- Un colaborador/a, preferentemente profesor/a ou persoal non docente do centro, fará a garda de comedor en administración, sendo o responsable de atender aos accidentados leves e controlar un posible acceso de alumnos/as ao edificio.
- 12.- Os días de choiva, os alumnos/as quedarán ao cuberto, en espazos resgardados da

chuvia.

13.- O persoal docente e non docente do centro, terá prioridade para a realización das gardas con respecto ao colectivo de nais e pais.

14.- Organización dos horarios do persoal de atención ao comedor:

- O director e o/a encargado/a do comedor estarán presentes durante o servizo de comedor.
- Os colaboradores/as de comedor comerán antes dos alumnos/as.
- O horario do persoal colaborador será das 14:15 horas ás 16:15 horas.
- A última quenda dos alumnos/as de ESO será atendida polo director, a encargada de comedor e en caso necesario unha colaboradora.

15.- As colaboradoras de comedor realizarán a custodia de saída do alumnado para o transporte escolar, apoiadas pola dirección do centro (a excepción dos luns e martes na ESO que será realizada polo profesorado).

2.3.- INSTALACIÓNS

- Comedor escolar con capacidade para 244 comensais.
- Cociña e despensas e vestiario e baño de persoal.
- Patios cubertos e o aire libre para o servizo de recreo.

Os días de choiva os alumnos de Infantil e primaria utilizarán no recreo de comedor os espazos cubertos ou as bibliotecas.

En todas estas instalacións está distribuído o persoal colaborador para labores de vixilancia e colaboración co alumnado.

2.4.- OBXECTIVOS

- Lograr unha alimentación axeitada a idade e características dos alumnos/as.
- Educar ao alumno para que coma de forma equilibrada.
- Fomentar hábitos de limpeza, aseo e corrección na inxesta de alimentos.
- Adquirir hábitos sociais e unha correcta utilización e conservación da menaxe de comedor.
- Fomentar as relacións cordiais e abertas, tanto entre o alumnado como cos adultos.
- Motivar ao alumnado para que asuman responsabilidades concretas, tanto no tempo de comida como nos momentos de xogo ou descanso.

2.5.- ACTIVIDADES EDUCATIVAS DURANTE O SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR

Anteriores ao comedor:

- Recoller o material da aula antes de saír.
- Lavado e desinfectado de mans e aseo persoal.
- Realizar unha entrada ordenada e escalonada ao comedor, respectando todas as medidas de seguridade.

Durante a hora de comida:

- Comer con corrección e manter conversacións en tono moderado.
- Realizar unha recollida ordenada e escalonada de bandexas, cubertos, vasos e restos de comida.

Despois da comida:

- Realizar unha saída ordenada e escalonada do comedor, respectando todas as medidas de seguridade.
- Realizar unha saída ordenada e escalonada do comedor e do centro.
- Participar nas actividades extraescolares da ANPA.
- Xogar no patio.
- Utilizar as bibliotecas cando estean abertas.

Actividades ao longo do curso escolar:

Ao longo de todo o curso realízanse menús axeitados en función das necesidades nutricionais dos alumnos de xeito que sexan o máis equilibrados posibles.

Temos moi en conta, tamén, a hixiene e o seguimento de todos os produtos que entran no comedor escolar. Para isto seguimos o sistema de control baseado no APPCC (análise de perigos e puntos críticos de control), adaptado as necesidades do noso centro.

Interacción coas familias-prevención da obesidade:

Un aspecto importante para traballar coas familias é a necesidade dunha alimentación equilibrada para os seus fillos. O centro traballará para ampliar a gama de alimentos que coman os seus fillos.

En virtude a isto tódalas familias recibirán con antelación, un menú mensual para que na súa casa se poida cumprimentar unha comida equilibrada ao longo do día.

CAPÍTULO II P.X.A.:

- DOCUMENTO NÚMERO 4: DOCUMENTO DE ORGANIZACIÓN DO CENTRO.
- ANEXO DOCUMENTO NÚMERO 4: PLAN DE ORGANIZACIÓN E COORDINACIÓN DAS TAREFAS DO PERSOAL NON DOCENTE.

DOCUMENTO NÚMERO 4: DOCUMENTO DE ORGANIZACIÓN DO CENTRO (D.O.C)

O D.O.C foi confirmado pola dirección do centro e enviado á Inspección dentro do prazo establecido, quedando unha copia en papel no centro a disposición da comunidade educativa).

ANEXO DOCUMENTO Nº 4: PLAN DE ORGANIZACIÓN E COORDINACIÓN DAS TAREFAS DO PERSOAL NON DOCENTE

ÍNDICE:

| | |
|--|-----------|
| 1.- CADRO DO PERSOAL NON DOCENTE | 53 |
| 1.1.- PERSOAL ADMINISTRATIVO. | 53 |
| 1.2.- PERSOAL DE COCIÑA | 54 |
| 1.3.- CONSERXE | 54 |
| 1.4.- PERSOAL DE LIMPEZA | 56 |
| 1.5.- AUXILIAR DE CONVERSA | 57 |
| 2.- COORDINACIÓN E CONTROL DO PERSOAL NON DOCENTE | 57 |

1.- CADRO DO PERSOAL NON DOCENTE

1.1.- PERSOAL ADMINISTRATIVO.

Depende da Xunta de Galicia e para este curso académico contamos cunha auxiliar administrativa, Dña. Pilar Fernández Aires.

O seu horario diario de traballo é de luns a venres de 8:45 – 16:15 horas, o que suma un total de 37 horas e media semanais.

Con motivo dos horarios específicos dos días non lectivos de setembro, xuño e xullo, o seu horario adáptase ao do centro, sendo o seguinte:

Setembro e xuño: de 9:00 – 14:00 horas.

Xullo: de 9:30 – 13:30 horas.

Agosto: vacacións.

Dereitos do persoal administrativo:

- Que se respecte o seu horario laboral.
- Ser respectado por tódolos membros da comunidade educativa no cumprimento das súas tarefas.
- Elixir representantes no Consello Escolar e ser elixible para formar parte del, de acordo coa normativa legal vixente.

Deberes do persoal administrativo:

- Levar ó día a actividade administrativa que lle encomenda.
- Manter segredo sobre todo aquilo que sexa de carácter persoal e poida constar nos expedientes e documentación.
- Cumprir o seu horario de traballo.
- Atender con corrección a pais, alumnos e profesores nas cuestións administrativas, informando sobre matriculación, bolsas, certificacións e outros asuntos da súa competencia.
- Cumprir as ordes que reciba do equipo directivo en relación co funcionamento administrativo do centro.

1.2.- PERSOAL DE COCIÑA

Depende da Xunta de Galicia e para este curso académico contamos con tres traballadoras:

- Dna. M^a Carmen Parceró García (oficial 2^a de cociña).
- Dna. M^a Carmen Fernández Rodríguez (auxiliar de cociña).
- Dna. M^a Élda Mosquera Rodríguez (auxiliar de cociña).

O seu horario diario de traballo é de luns a venres de 9:30 - 17:00 horas, o que suma un total de 37 horas e media semanais para cada unha delas.

Periodo de traballo: empeza en setembro 4 días antes que o inicio das clases lectivas e remata 4 días despois do último día lectivo en xuño

Dereitos do persoal de cociña:

- Que se respecte o seu horario de traballo.
- Ser respectado por todo os membros da comunidade educativa no cumprimento das súas tarefas.
- A comer de forma gratuíta todos os días que desenvolva o seu traballo.
- Elixir representantes no Consello Escolar e ser elixible para formar parte del, de acordo coa normativa legal vixente.

Deberes do persoal de cociña:

- Posuír o carné de manipulador ou o documento de ter en trámite a súa expedición.
- Manter a hixiene no seu aseo persoal e na indumentaria e os utensilios propios da actividade que desempeña e de uso exclusivo para o traballo.
- O manipulador afectado de enfermidade de transmisión por vía dixestiva ou que sexa portador de xermes, deberá ser excluído de toda actividade directamente relacionada coa manipulación dos alimentos ata a súa total curación clínica ou bacteriolóxica ou a desaparición da súa condición de portador.
- Nos casos en que exista lesión cutánea que poida estar ou poñerse en contacto directa ou indirectamente cos alimentos, ao manipulador afectado facilitaráselle a protección necesaria para que esa zona non teña contacto directo cos alimentos.

1.3.- CONSERXE

Dna. M^a Carmen García Noya, é unha traballadora en réxime de autónomos contratada polo Concello de Val do Dubra durante este curso académico para realizar as funcións de conserxería no centro.

O seu horario horario de traballo é o seguinte:

Horario para os días lectivos do centro:

- O seu horario presencial no centro e o seguinte: de luns a venres, das 8:15 horas ás 14:15 horas e das 14:45 horas ás 16:30 horas.

Con este horario a súa xornada laboral é de 37 horas e media semanais.

- Ademais fóra do seu horario de traballo, atenderá aquelas actuacións relacionadas con aspectos como saídas ou chegadas de excursións, reparacións, sumministracións de combustible, etc...

Con motivo dos horarios específicos dos días non lectivos de setembro, xuño e xullo, o seu horario adáptase ao do centro, sendo o seguinte:

Setembro e xuño: de 8:45 – 14:00 horas.

Xullo: de 9:00 – 13:30 horas.

Durante o mes de agosto o centro permanecerá pechado.

Dereitos da conserxe:

- Que se respecte o seu horario de traballo.
- Ser respectado por todos os membros da comunidade educativa.
- Elixir aos seus representantes no Consello Escolar e a ser elixido, nos termos que marca a normativa legal vixente.
- Que se lle faciliten os materiais e as ferramentas necesarias para a realización do seu traballo.

Deberes da conserxe:

- Abrir as instalacións polo menos 30 minutos antes do comezo da xornada.
- Preocuparse de proporcionar o material necesario para o desenvolvemento normal das clases.
- Controlar o adecuado uso da calefacción, luz e auga, en especial ao rematar a xornada matinal ou vespertina.
- Colaborar co Profesor de Garda si este precisa da súa axuda.
- Non permitir a presenza de alumnos/as nos corredores en horas de clase.
- Entrar periodicamente nos servizos para evitar desperfectos ou usos indebidos.
- Controlar o acceso das persoas ao centro, acompañando ás familias que acuden ás titorías.

- Acompañar ao alumnado ata a súa clase que chega tarde ao centro.
- Ir a buscar ao alumno/a a clase cando veñen a buscalo antes de tempo.
- Revisar o estado de aulas e demais dependenzas, informando ao Secretario/a das deficiencias observadas.
- Revisar de forma periódica e diaria o exterior do recinto escolar comprobando a presenza de persoas alleas, o estado das instalacións, etc.
- Responsabilizarse do peche e da apertura das instalacións.
- Realizar pequenos arranxos e tarefas de mantemento.
- Trasladar recados ou obxectos dentro do Colexio e fóra do mesmo.
- Realizar as fotocopias requeridas polo profesorado, así como outros traballos como encuadernación de documentos, etc.,,
- Labores propias de conservación, repoboación, poda de árbores e limpeza dos xardíns e patios exteriores, beirarrúas e limpeza dos sumidoiros dos mesmos, comprendidos entre os edificios.
- A conservación da xardinería interior dos edificios de ditos Colexios.
- Calquera outra, que por razóns de urxencia, sexa ordenado pola Dirección do Colexio.

1.4.- PERSOAL DE LIMPEZA

Esta contratado polo Concello de Val do Dubra e durante este curso académico contamos con dúas limpadoras que realizan a súa función fóra do horario lectivo, Dna. Laura Ríos Iglesias, que se encarga de limpar o edificio de Educación Secundaria, e Dna. María Jesús Castro Parafita, que se encarga de limpar o edificio de Educación Infantil e Primaria.

Os seus horaruios de traballo son os seguintes:

- Limpadora do edificio de secundaria: das 16:30 horas ás 19:30 horas (15 horas semanais).
- Limpadora do edificio de educación infantil e primaria: das 16:30 horas ás 20:30 horas (20 horas semanais).

Dereitos do persoal de limpeza:

- Que se respecte o seu horario laboral.
- Que se respecte o seu traballo.
- Elixir ós seus representantes no Consello Escolar e a ser elixido, nos termos que marca a normativa legal vixente.

Deberes do persoal de limpeza:

- Manter limpo o centro, de acordo coas normas establecidas polo Equipo Directivo.
- Poner en coñecemento do Equipo Directivo calquera anomalía que observen no desenvolvemento do seu traballo.
- Cumplir co seu horario.

1.5.- AUXILIAR DE CONVERSA

Depende da Consellería de Educación da Xunta de Galicia e durante este curso académico (desde o 1/10/2022 ata o 31/05/2023) será Dna. Allen Marie Arriego, de nacionalidade filipina, e realizará o seu traballo cos alumnos/as de Educación Infantil e Primaria.

O seu horario de traballo é de 16 horas semanais, que será determinado cando se incorpore.

Dereitos da auxiliar de conversa:

- Que se respecte o seu horario laboral.
- Ser respectado por todos os membros da comunidade educativa no cumprimento das súas tarefas.
- Utilizar os servizos e dependencias do centro como calquera outro docente, seguindo as normas establecidas.

Deberes da auxiliar de conversa:

- Realizar as funcións de apoio e reforzo da lingua inglesa encomendadas polo seu coordinador/a.
- Respetar aos alumnos/as e demais membros da comunidade escolar.
- Cumprir o seu horario de traballo.
- Aportar a documentación persoal requerida.

2.- COORDINACIÓN E CONTROL DO PERSOAL NON DOCENTE

A Secretaria do centro, Dna. Carolina Vidal Fernández será a persoa encargada da coordinación e supervisión do traballo e a súa asistencia deste colectivo.

A concesión de permisos e licenzas ao persoal de administración e cociña será supervisada pola secretaria do centro, que terá en conta para concedelas o seu convenio laboral vixente e as necesidades do centro. Tanto a concesión de permisos e licenzas, como as faltas de asistencia serán recollidas na aplicación Xade.

As normas elaboradas polo centro para a solicitude de días de libre disposición do persoal administrativo son as seguintes:

- A solicitude farase no impreso que se facilitará en administración.
- As solicitudes para cada curso académico faranse a partir do día 1 de setembro.
- Deben de realizarse cun mínimo de 3 días de antelación.
- Na concesión dos permisos terase en conta as necesidades do centro.

As normas elaboradas polo centro para a solicitude de días de libre disposición do

persoal de cociña son as seguintes:

- As normas de concesión de permisos para o persoal de cociña teñen por obxecto manter o servizo de comedor e non recargan ao persoal de excesivo traballo.
- A solicitude farase no impreso que se facilitará en administración.
- As solicitudes para cada curso académico faranse a partir do día 1 de setembro.
- Deben de realizarse cun mínimo de 3 días de antelación.
- En caso de coincidencia nos días solicitados, terá prioridade a primeira solicitude entregada.
- Dúas persoas non poden solicitar a mesma data.
- Nunha semana laborable (de luns a venres) non se concederán máis de dous días, independentemente do número de persoas solicitantes.
- Nun período de sete días naturais non se concederán máis de dous días a unha mesma persoa.
- Como norma xeral non se concederán novos permisos cando unha traballadora esté de baixa e non haxa substituto/a, pero manterasen os días solicitados e aceptados con anterioridade á baixa.
- Como norma xeral, cando dous o máis membros do persoal estén de baixa e non haxa substitutos/as, anularanse os días solicitados con anterioridade.
- Estas normas poderán ser modificadas puntualmente en función das necesidades ou imprevistos que xurdan no centro.

A concesión de permisos e licenzas ao persoal de conserxería e limpeza será competencia do Concello, xa que son servizos que dependen del. En caso de ter solicitudes, antes de concedelas deberán informar ao centro coa suficiente antelación e ter en conta as necesidades do centro. As faltas de asistencia serán notificadas ao Concello para que sexan rexistradas e xustificadas.

CAPÍTULO III P.X.A.:

DOCUMENTO NÚMERO 5: PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

- ANEXO DOCUMENTO NÚMERO 5: ORGANIZACIÓN, FUNCIONAMENTO E HORARIO DAS BIBLIOTECAS.

- DOCUMENTO NÚMERO 6: PLAN ANUAL DE ACTIVIDADES PARA A POTENCIACIÓN DO USO DA LINGUA GALEGA.

- DOCUMENTO NÚMERO 7: PROGRAMA ANUAL DE FORMACIÓN DO PROFESORADO.

- DOCUMENTO NÚMERO 8: OUTROS PROGRAMAS ESPECÍFICOS NOS QUE PARTICIPA O CENTRO

DOCUMENTO Nº 5: PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

ÍNDICE

| | |
|---|----|
| 1.- CONSIDERACIÓNS INICIAIS | 60 |
| 2.- NORMAS DAS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES | 62 |
| 3.- DOCUMENTOS QUE RECOLLEN AS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES | 62 |
| 4.- OBXECTIVOS DO DEPARTAMENTO PARA ESTE CURSO ACADÉMICO | 63 |
| 5.- ACTIVIDADES PREVISTAS PARA ESTE CURSO ACADÉMICO | 64 |
| 5.1.- ACTIVIDADES XERAIS DO CENTRO | 64 |
| 5.2.- ACTIVIDADES ORGANIZADAS POLAS BIBLIOTECAS | 65 |
| 5.2.1.- <u>Biblioteca Pistacho: infantil e primaria</u> | 65 |
| 5.2.2.- <u>Biblioteca Val do Libro: secundaria</u> | 66 |
| 5.3.- ACTIVIDADES ORGANIZADAS PARA O ALUMNADO DE INFANTIL E PRIMARIA | 67 |
| 5.3.1.- <u>Educación Física</u> | 67 |
| 5.3.2.- <u>Música</u> | 67 |
| 5.4.- ACTIVIDADES ORGANIZADAS PARA O ALUMNADO DE SECUNDARIA POR DEPARTAMENTOS | 68 |
| 5.4.1.- <u>Departamento de debuxo</u> | 68 |
| 5.4.2.- <u>Departamento de matemáticas</u> | 68 |
| 5.4.3.- <u>Departamento de bioloxía e xeoloxía</u> | 69 |
| 5.4.4.- <u>Departamento de educación física</u> | 70 |
| 5.4.5.- <u>Departamento de física e química</u> | 71 |
| 5.4.6.- <u>Departamento de francés</u> | 71 |
| 5.4.7.- <u>Departamento de orientación</u> | 72 |

1.- CONSIDERACIÓNS INICIAIS.

Este departamento ten as funcións de coordinar as actividades complementarias e

extraescolares do resto dos departamentos e de complementar o labor académico destes, con outras deseñadas para ese efecto. Serán na súa maioría actividades formativas, sociais, culturais e nalgúns casos lúdicas, en maior ou menor grao interdisciplinares e globalizadoras que permitan conectar a vida do CPI coas diversas materias e a realidade da nosa contorna, onde han de atopar finalmente a súa aplicación e desenvolvemento os obxectivos xerais da ESO.

Durante este curso académico, Carlolina Vidal Fernández asumirá a coordinación deste departamento e desempeñará as súas funcións coa participación dos xefes dos departamentos didácticos, o equipo directivo e representantes do alumnado das diferentes etapas. Ditas funcións son:

- a) Elaborar a programación anual contando coas propostas que realicen os departamentos didácticos, os representantes do alumnado e o equipo directivo.
- b) Organizar a realización das actividades complementarias e extraescolares.
- c) Distribuir os recursos económicos asignados polo consello escolar para a realización das actividades programadas.
- d) Organizar a utilización das instalacións e demais recursos que se vaian a empregar, así como velar polo uso correcto dos mesmos.
- e) Levar a cabo a avaliación das actividades realizadas e elaborar as correspondentes propostas de mellora, sen prexuízo das competencias que correspondan ao consello escolar nesta materia.
- f) Redactar a memoria final do curso.
- g) Coordinar a organización das viaxes de estudo, os intercambios escolares e calquera tipo de saídas do centro que se realicen co alumnado.

Os obxectivos do departamento son:

- 1.- Estimular ao alumnado para interesarse polo desenvolvemento cultural do instituto.
- 2.- Inculcar valores esenciais nunha sociedade democrática: tolerancia, participación nos asuntos públicos, solidariedade, responsabilidade, etc.
- 3.- Incentivar o interese dos alumnos por actividades culturais como o teatro, a música, o cinema, as viaxes.
- 4.- Apoiar as actividades dos distintos departamentos didácticos e dos representantes do alumnado.
- 5.- Coordinar as distintas actividades programadas polos departamentos co fin de conseguir maior eficacia e aproveitamento das mesmas.
- 6.- Implicar ao Centro na vida cultural e social da cidade e ofrecer as actividades culturais que se organicen á poboación.
- 7.- Coordinar as viaxes de estudo que se organicen no CPI.
- 8.- Fomentar hábitos de vida saudable e a participación do alumnado en actividades e deportes na natureza.
- 8.- Incentivar a participación e implicación da comunidade educativa do Centro en campañas de solidariedade e cooperación de ong's.
- 10.- Mellorar a participación e convivencia no centro colaborando con programas para a non violencia.

9.- Fomentar a participación de alumnos, profesores e, no seu caso, pais nas distintas actividades culturais e extraescolares que se organicen.

2.- NORMAS DAS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

| ASPECTOS | ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS | ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES |
|--|---|---|
| Coordinación con outros centros | Non é necesario. | É aconsellable. |
| Promoción, organización e realización | Equipos de ciclo e Dpto. de Actividades. | Equipos de ciclo, ANPA, outras asociacións, Concello. |
| Programación | -Denominación da actividade. -Horario e lugar no que se desenvolverá. -Persoal (adscrito ao centro, contratado, voluntariado ou Concello). -Custo e fórmula de financiamento.. | -Denominación da actividade. -Horario e lugar no que se desenvolverá. -Persoal (adscrito ao centro, contratado, voluntariado ou Concello). -Custo e fórmula de financiamento.. |
| Información aos titores legais do alumnado | Aconsellable. Unha vez aprobadas polo consello escolar | Obrigatorio. Unha vez aprobadas polo consello escolar. |
| Financiación | -Recursos económicos procedentes de: -Gastos de funcionamento do centro (previa aprobación polo consello escolar). -Orzamentos xerais da Administración. -De calquera ente público ou privado. -Achega dos usuarios | -Recursos económicos procedentes de: -Gastos de funcionamento do centro (previa aprobación polo consello escolar). -Orzamentos xerais da Administración. -De calquera ente público ou privado. -Achega dos usuarios |
| Pagos de usuarios | Os ingresos que se obteñan incorporaranse a gastos de funcionamento. | Se non efectúa o pago non participa. Os ingresos que se obteñan incorporaranse a gastos de funcionamento |
| Axudas | Contémplase as axudas ao alumnado en situación social desfavorecida. | Contémplase as axudas ao alumnado en situación socialdesfavorecida (previa aprobación do consello escolar). |

3.- DOCUMENTOS QUE RECOLLEN AS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

a) Programación de cada materia e/ou programación de aula. As actividades complementarias e/ou extraescolares que son necesarias e van realizarse en cada

unidade didáctica.

b) Programación dos departamentos didácticos. As promovidas polo grupo de profesores correspondentes e a organización das mesmas.

c) Programación do Departamento de Actividades Complementarias e Extraescolares. As promovidas e organizadas por este departamento a proposta dos departamentos didácticos, a Xunta de Delegados e a Asociación de Nais e Pais de Alumnos.

d) Plan Anual de Centro. Todas as actividades que se van a realizar no curso divididas por etapas, ciclos e/ou grupos.

e) Funcionamento da Comisión de Actividades Complementarias e Extraescolares. Membros, competencias e calendario de reunións.

Fonte: Orde do 26 de xaneiro de 1999 pola que se regulan as actividades complementarias e extraescolares.

4.- OBXECTIVOS DO DEPARTAMENTO PARA ESTE CURSO ACADÉMICO

O Departamento preparará actos e actividades e colaborará coas propostas polos distintos departamentos didácticos e titorías de infantil e primaria. A este fin, pediuse a estes que acheguen nas súas programacións un documento no que se informe das actividades programadas, alumnado ao que van dirixidas e posibles datas de realización. Tamén se pediu que, cando un profesor ou departamento vaia a organizar unha actividade non recollida na programación, a comunique con toda a antelación que sexa posible. Baseándose nas experiencias e nas opinións recollidas tanto en cursos anteriores como no presente e tras traballalo conxuntamente coa xefatura de estudos, son obxectivos prioritarios deste departamento o conseguir unha mellor coordinación de actividades de forma que afecten o menos posible ao funcionamento normal do centro e á impartición das programacións de cada materia. Para iso:

Procurarase programar o menor número de actividades no terceiro trimestre para que non interfiran no desenvolvemento das clases nese período tan sensible para a avaliación positiva do alumnado, especialmente durante os meses de maio e xuño, exceptuando os días finais nos cales o alumnado foi xa avaliado ou realizou as súas probas de avaliación. As actividades previstas presentaranse, sempre que sexa posible, nas sesións de preevaluación ou na súa falta nas de avaliación para dalas a coñecer aos equipos educativos involucrados e para que sexan estes os que decidan a súa idoneidade

Procurarase que as actividades involucren a grupos completos evitando separacións en función da modalidade da optatividade que se curse en secundaria obrigatoria.

Procurarase buscar como profesorado acompañante, ademais do organizador da actividade, ao profesorado que coñeza ao grupo o mellor posible e cuxa ausencia do centro ocasione o menor trastorno para o seguimento das clases para o resto dos grupos.

Procurarase manter informado ao profesorado das actividades que puidesen implicarlle mediante o aviso persoal e/ou facendo uso dos medios telemáticos dos que se dispón no centro (correo electrónico ...) ou do taboleiro de anuncios que a tal fin figura na sala de

profesores.

Tamén se procurará informar á comunidade educativa a través da páxina web do instituto das actividades que se realicen durante o curso.

Procurarase que as viaxes de estudos de 4º de ESO concorran no tempo ao finalizar o segundo ou o terceiro trimestre ou ao comezo do terceiro co ánimo de interferir o menos posible na rutina do centro.

Procurarase facer coincidir actividades de distintos grupos na mesma xornada, especialmente as relacionadas coa apertura de curso, para así conseguir a máxima participación de alumnado e profesorado.

5.- ACTIVIDADES PREVISTAS PARA ESTE CURSO ACADÉMICO

5.1.- ACTIVIDADES XERAIS DO CENTRO

-Magosto e Samaín

Celebrarase o **31 de outubro** e asistirá todo o alumnado do centro.

Actividades:

- Obradoiros de Samaín nas aulas (primaria).
- Exposición de receitas terroríficas elaboradas polo alumnado (primaria)
- Concurso de decoración de portas e performance (secundaria).
- Concurso epitafios (secundaria).
- Magosto durante os recreos (primaria e secundaria).

- Obxectivos:

- Recoñecer as tradicións da cultura galega e inglesa.
- Valorar os produtos autóctonos.
- Potenciar a competencia ligüística.
- Potenciar o pensamento creativo e a competencia de sentido e espírito emprendedor.

-Día Internacional Contra a Violencia cara ás Mulleres

Celebrarase o día **24 de novembro** e asistirá todo o alumnado do centro.

Actividades:

- Lectura do manifesto contra as violencias machistas (primaria e secundaria).
- Pegada de carteis por todo o centro contra a violencia de xénero (primaria e secundaria).

Obxectivos:

- Desenrolar e potenciar a tolerancia no noso alumnado.
- Descubrir a violencia como un problema social que nos afecta todas e todos e contra o que debemos loitar para terminar con el.
- Construír unha sociedade máis equitativa e xusta, onde as relacións entre homes e mulleres baséense na igualdade.
- Promover unha educación non discriminatoria, non sexista e non violenta.
- Combater a linguaxe sexista e a degradación das mulleres.

- Aprender a expresar as emocións de forma adecuada, evitando os insultos, agresións, berros...
- Mostrar e visibilizar a gravidade da violencia de xénero dentro dos centros educativos.
- Descubrir as consecuencias que trae a desigualdade entre homes e mulleres.
- Identificar, visualizar e definir todas as formas de violencia que se exercen sobre as nenas e mulleres.
- Previr a violencia como medio para acabar con ela.

-Entroido

Celebrarase o día **9 de febreiro** e asistirá todo o alumnado do centro.

Actividades:

- Desfile de comparsas polo centro de Bembibre (primaria e secundaria).
- Baile e chocolatada no pabillón de Bembibre (primaria e secundaria).

Obxectivos:

- Disfrutar das nosas tradicións
- Potenciar o pensamento creativo e a competencia de sentido e espírito emprendedor.

- Festival de fin de curso

Celebrarase o día **21 de xuño** e asistirá todo o alumnado do centro.

Actividades:

- Representacións teatrais e bailes no Auditorio de Bembibre (secundaria).
- Entrega de diplomas e orlas ao alumnado de 6º infantil, 6º primaria e 4º ESO (primaria e secundaria).

Obxectivos:

- Despedir ao alumnado dos últimos cursos de Infantil e Secundaria.
- Adquirir consciencia da evolución e do crecemento.
- No caso da ESO, recoñecer o valor e a importancia de rematar os estudos.

5.2.- ACTIVIDADES ORGANIZADAS POLAS BIBLIOTECAS

5.2.1.- Biblioteca Pistacho: infantil e primaria

1º TRIMESTRE

- Día das bibliotecas: 24 de outubro. Creación dun vídeo, das diferentes aulas, dramatizando un conto da biblioteca.
- Samaín: Obradoiros nas aulas.
- Día internacional contra a violencia de xénero: 24 de novembro. Actividade reivindicando este día.
- Nadal: Ambientación do colexio e desfile de disfraces por aulas.

2º TRIMESTRE

- Día escolar da non violencia e da paz: 30 de xaneiro. Ambientación do centro con lemas sobre a paz e canción elaborada polo alumnado.
- Día de Rosalía: 23 de febreiro. Traballos feitos polo alumnado sobre a escritora.
- Día internacional da muller: 8 de marzo. Elaboración dun vídeo conmemorando este día,

coas diferentes achegas das aulas.

3º TRIMESTRE

- Semana do libro: Do 22 ao 26 de abril. Apadriñamento lector dentro da aula.
- Día internacional contra o acoso escolar: 2 de maio. Traballos realizados polo alumnado para concienciar sobre o grave problema do acoso escolar.
- Semana das Letras Galegas: Do 13 ao 17 de maio. Ambientación do colexio, traballo sobre o autor/a e obra de teatro sobre o escritor/a homenaxeado/a.
- Día mundial do medio ambiente: 5 de xuño. Traballos realizados polo alumnado para sensibilizar sobre a importancia de cuidar os nosos ecosistemas.

Todas as actividades realizadas poderanse visualizar no blogue da biblioteca:
<http://recunchodepistacho.blogspot.com/>

5.2.2.- Biblioteca Val do Libro: secundaria

1º TRIMESTRE

- Samaín: 31 de outubro. Decoración da biblioteca con motivos de terror.
- Día contra a violencia de xénero: 25 de novembro. Pegada de carteis reivindicativos.
- Día das bibliotecas: 24 de outubro. Lecturas orais durante os recreos.

2º TRIMESTRE

- Día escolar da non violencia e da paz: 30 de xaneiro. Ambientación do centro con lemas sobre a paz
- Día internacional da muller: 8 de marzo. Pancarta sobre mulleres que fixeron e fan historia.

3º TRIMESTRE

- Semana do libro: Do 22 ao 26 de abril. Actividades para dar a coñecer o catálogo do centro e fomentar a lectura.
- Día das letras galegas: 17 de maio. Actividades sobre o escritor/a homenaxeado/a.

Todas as actividades realizadas poderanse visualizar no blogue da biblioteca:
<http://bibliotecaesobembibre.blogspot.com/>, e no perfil de Instagram da biblioteca.

ACTIVIDADE A REALIZAR DURANTE OS TRES TRIMESTRES EN PRIMARIA E SECUNDARIA

- Clubs de lectura: cada grupo terá un club de lectura de carácter voluntario, con lecturas en diferentes idiomas.

Obxectivos das actividades das bibliotecas:

- Coñecer a historia destas celebracións.
- Despertar a imaxinación e a creatividade entre o alumnado.
- Promover a participación nestas conmemoracións, destacando os aspectos lúdicos pero

tamén o reivindicativo.

5.3.- ACTIVIDADES ORGANIZADAS PARA O ALUMNADO DE INFANTIL E PRIMARIA

5.3.1.- Educación física

Tipo de actividade: Deporte

Carácter: Presencial

Título: “Proxectos de vida activa e deportiva”

Obxectivos:

- Canalizar a actividade físico-deportiva a través da participación aceptando as normas e evitando comportamentos agresivos e actitudes de rivalidade.
- Iniciarse no coñecemento e práctica dalgún deporte.
- Poñer énfase no progreso a través do esforzo deixando de lado o éxito e o fracaso.
- Aprender a amar o deporte co que nenos e nenas, xuntos, poidan divertirse e solidarizarse cos demais.
- Incrementar a actividade física dentro e fora da escola e no tempo libre do alumnado.
- Impulsar a participación do alumnado en actividades físicas que faciliten o desenvolvemento de actitudes, habilidades motoras e a confianza necesaria para adoptar e manter un estilo de vida fisicamente activo.

Destinatarios: Alumnado de infantil e primaria

Duración: Unha mañá.

Temporalización: Todo o curso

Localización: CPI de Bembibre e arredores

5.3.2.- Música

Tipo de actividade: Concerto didáctico

Carácter: Presencial

Título: “O gato con botas”

Obxectivos:

- Coñecer o conto “O gato con botas” de Charles Perrault.
- Achegarse a aspectos musicais concretos: xénero, estilo, compositores, intérpretes, etc... mediante a escoita activa.
- Coñecer as normas de comportamento e respecto durante un concerto.

Destinatarios: Alumnado de 2º de primaria.

Duración: 50 minutos

Temporalización: Día 1 de febreiro ás 12:00 h.

Localización: Auditorio de Galicia (Santiago de Compostela).

Tipo de actividade: Concerto didáctico

Carácter: Presencial

Título: “Pulcinella e a máscara máxica”

Obxectivos:

- Achegarse a aspectos musicais concretos: xénero, estilo, compositores, intérpretes, etc... mediante a escoita activa.

- Identificar á figura do compositor Stravinsky.
- Entender o funcionamento dun ballet e os papeis que cumplan a danza e a música neles, así como outros necesarios: vestiario, decorados, caracterización...
- Coñecer as normas de comportamento e respecto durante un concerto.

Destinatarios: Alumnado de 4º e 5º de primaria.

Duración: 50 minutos

Temporalización: Día 1 de decembro ás 12:00 h.

Localización: Auditorio de Galicia (Santiago de Compostela).

5.4.- ACTIVIDADES ORGANIZADAS PARA O ALUMNADO DE SECUNDARIA POR DEPARTAMENTOS

5.4.1.- Departamento de debuxo

Tipo de actividade: Exposición

Carácter: Presencial

Título: “Compostela ilustrada”

Obxectivos: Dar a coñecer ao alumnado o traballo de ilustradores importantes, dentro do panorama nacional e internacional.

Destinatarios: Alumnado de 1º, 3º e 4º ESO.

Duración: Unha mañá.

Temporalización: 1º trimestre.

Localización: Santiago de Compostela.

Tipo de actividade: Visita ao CIEC (Centro internacional da Estampa Contemporánea)

Carácter: Presencial

Título: “Técnicas de grabado”

Obxectivos: Dar a coñecer ao alumnado as diferentes técnicas de grabado.

Destinatarios: Alumnado de 4º ESO.

Duración: Unha mañá.

Temporalización: Por determinar.

Localización: Betanzos.

5.4.2.- Departamento de matemáticas

Tipo de actividade: Concurso

Título: “III Concurso de fotografía matemática”.

Obxectivos:

-Descubrir na vida real e no entorno que nos rodea calquera aspecto matemático, xa sexa numérico ou gráfico.

-Resaltar a utilidade das matemáticas na actividade persoal e social cotidiana.

Destinatarios: Alumnado da ESO

Duración: 3 semanas

Temporalización: 3º trimestre.

Localización: CPI Bembibre.

Tipo de actividade: Concurso

Título: “Canguro matemático”.

Obxectivos:

- Que sexa un concurso para todos os alumnos/as e non só para os que obteñen mellores notas.
- Conseguir que cada alumno/a, a través das Matemáticas, se plantexe un reto consigo mesmo e cos demais.
- Incentivar o gusto polo estudo das Matemáticas.
- Incorporar a aqueles alumnos/as que teñen "medo" ás Matemáticas ao estudo das mesmas, facendo que descubran o seu sentido lúdico.
- Tratar de que os alumnos/as consigan divertirse resolvendo cuestións matemáticas.
- Seguir aumentando o número de participantes das convocatorias anteriores acadar as cuotas de participación existentes noutros países europeos e americanos.

Destinatarios: Alumnado da ESO

Duración: Dúas horas

Temporalización: 2º trimestre.

Localización: CPI Bembibre

Tipo de actividade: Exposición

Título: “Mulleres científicas ao longo da Historia”

Obxectivos:

- Que o alumnado traballe en grupo.
- Que o alumnado coñezca a mulleres que adicaron ao longo dos tempos o seu traballo á ciencia.

Destinatarios: Alumnado da ESO

Duración: 3º trimestre

Temporalización: 1º trimestre.

Localización: CPI Bembibre

5.4.3.- Departamento de bioloxía e xeoloxía

Tipo de actividade: Excursión e actividade didáctica

Carácter: Presencial

Título: “Visita ao Museo de Historia Natural de Santiago”

Obxectivos:

- Recoñecer os criterios que serven para clasificar os seres vivos identificando as principais categorías taxonómicas ás que pertencen os animais e as plantas máis comúns.
- Identificar e clasificar distintos minerais mediante a observación das súas características e propiedades.

Destinatarios: Alumnado de 1º ESO

Duración: 2 horas

Temporalización: Data por determinar

Localización: Santiago de Compostela

Tipo de actividade: Excursión

Carácter: Presencial

Título: “¿Cómo se desarrollan los fármacos?”

Obxectivos:

-Analizar procesos e conceptos relacionados coa saúde e a enfermidade.

-Reflexionar sobre procesos relacionados co funcionamento do corpo humano.

Valorar a importancia que ten unha boa nutrición no correcto funcionamento do organismo.

Destinatarios: Alumnado de 3º ESO

Duración: 3 horas

Temporalización: Data por determinar

Localización: Museo Domus (A coruña)

5.4.4.- Departamento de educación física

Tipo de actividade: ruta de sendeirismo.

Carácter: Presencial

Título: “Sendeirismo pola Ruta das Carballeiras”.

Obxectivos:

- Mellorar a convivencia entre os alumnos/as do centro.

- Dar a coñecer as posibilidades que nos ofrece o entorno do centro para a realización de actividades físicas.

-Concienciar da necesidade de realizar actividade física, como forma de mellora da saúde.

- Respectar o medio natural

Destinatarios: todo o alumnado de ESO.

Duración: 3 horas.

Temporalización: 3º trimestre. Datas por determinar.

Localización: Ruta das Carballeiras, no Concello de Val do Dubra.

Tipo de actividade: Ruta cicloturista.

Carácter: Presencial

Título: “Día da bicicleta”.

Obxectivos:

- Mellorar a convivencia entre os alumnos/as do centro.

- Dar a coñecer as posibilidades que ofrece o entorno do centro para a realización de rutas en bicicleta

- Fomentar a utilización de medios de transporte non contaminantes.

-Concienciar da necesidade de realizar actividade física, como forma de mellora da saúde.

- Respectar o medio natural.

Destinatarios: todo o alumnado de ESO.

Duración: 4 horas.

Temporalización: 3º trimestre. Datas por determinar.

Localización: concello de Val do Dubra.

Tipo de actividade: Realización dunha xornada de convivencia deportiva co CPI Viaño Pequeno.

Carácter: Presencial

Título: “Convivenciadeportiva co CPI Viaño Pequeno”.

Obxectivos:

- Utilizar o deporte como unha ferramenta favorecedora da convivencia o respecto e a tolerancia.
- Potenciar as habilidades sociais do alumnado.
- Fomentar a utilización de medios de transporte non contaminantes.
- Concienciar da necesidade de realizar actividade física, como forma de mellora da saúde.
- Respetar o medio natural.

Destinatarios: todo o alumnado de ESO.

Duración: 4 horas.

Temporalización: 3º trimestre. Datas por determinar.

Localización: concello de Val do Dubra.

5.4.5.- Departamento de física e química

Tipo de actividade: Obradoiro

Carácter: Presencial

Título: “Día da Ciencia”

Obxectivos: Fomentar o interese e inquiredanzas pola ciencia en nenos e nenas

Destinatarios: Alumnado da ESO

Duración: Un día

Temporalización: 3º trimestre

Localización: CPI DE Bembibre

5.4.6.- Departamento de francés

Tipo de actividade: Debate

Carácter: Presencial

Título: “Club de Debate 2024”

Obxectivos:

- Favorecer o emprego da lingua galega entre a mocidade, especialmente os usos orais en contextos formais e informais.
- Potenciar a fluidez comunicativa.
- Promover o pensamento crítico e analítico.
- Fomentar a diversidade de opinións, a tolerancia e o traballo en equipo.

Destinatarios: Alumnado de 3º ESO e 4º ESO

Duración: Tres mañás

Temporalización: Data sen determinar.

Calendario orientativo:

- Entre o 9 e o 20 de xaneiro: xornada de formación conxunta para os membros do equipo (4 horas).

- Semana do 26 de febreiro ao 8 de marzo: debates da primeira fase.
- 13 de abril: debates da final.

Localización: Sen determinar

Tipo de actividade: Proxección dunha película

Carácter: Presencial

Título: "Seuls"

Obxectivos:

- Promover o idioma francés e as culturas francófonas cara os adolescentes.
- Promover o uso do cine como ferramenta de ensino e aprendizaxe.
- Dar a coñecer ao público adolescente o cine en versión orixinal subtitulada.
- Ensinar aos adolescentes a expresar un punto de vista crítico e a analizar unha película.

Destinatarios: Alumnado de 4º ESO da optativa de francés

Duración: Unha hora e media.

Temporalización: Entre o 23 de outubro e o 2 de novembro.

Localización: Salón Teatro do IES Rosalía de Castro. (Santiago de compostela)

5.4.7.- Departamento de orientación

Tipo de actividade: Espectáculo teatral

Carácter: Presencial

Título: "O pequeno poni"

Obxectivos:

- Saber aceptar as diferenzas "do outro".
- Reflexionar acerca da liberdade, o medo e o instinto de protección.
- Reflexionar sobre o acoso escolar e como este pode afectar a quen o sofre.

Destinatarios: Alumnado de 1º e 2º ESO

Duración: Unha hora e media.

Temporalización: 1º trimestre

Localización: Salón Teatro (Santiago de Compostela)

Tipo de actividade: Obradoiro

Carácter: Presencial

Título: "Igualdade"

Obxectivos:

- Coñecer as vivencias na relación de identidade sexo-xénero e outras fontes de desigualdade.
- Analizar os tipos de violencias de xénero e o ciclo da violencia
- Analizar a igualdade de xénero nos medios dixitais.
- Fomentar o empoderamento da xuventude para previr as violencias de xénero.

Destinatarios: Alumnado de 6º primaria e 1º ESO

Duración: 5 sesións de 50 min

Temporalización: 1º trimestre

Localización: CPI de Bembibre

Tipo de actividade: Obradoiro

Carácter: Presencial

Título: “Sexualidade”

Obxectivos:

- Desmantelar mitos, estereotipos e falsas crenzas presentes na sexualidade.
- Estimular a valoración crítica dos mozos e mozas no acceso e análise da información sobre sexualidade.
- Impulsar e traballar sobre a perspectiva da diversidade sexual.
- Favorecer a autonomía reflexiva e construtiva de rapaces e rapazas na construción da súa identidade.

Destinatarios: Alumnado de 3º ESO

Duración: 100 min

Temporalización: 1º trimestre

Localización: CPI de Bembibre

Tipo de actividade: Obradoiro

Carácter: Presencial

Título: “Educación afectivo sexual”

Obxectivos:

- Adquirir información e coñecementos axeitados para unha educación sexual saudable.
- Coñecer os cambios físicos e psíquicos que os/as alumnos/as están a vivenciar para afrontalos con naturalidade.
- Crear hábitos de hixiene, sono e alimentación necesarios para un bo desenvolvemento.
- Dar a coñecer á profesional sanitaria e os servizos que nos ofrecen dende o Centro de Saúde en relación á sexualidade, en particular e á saúde en xeral.

Destinatarios: Alumnado de 5º e 6º primaria

Duración: 100 min

Temporalización: 2º trimestre

Localización: CPI de Bembibre

Tipo de actividade: Charla

Carácter: Presencial

Título: “Identidade dixital e manexo seguro das redes sociais”

Obxectivos:

- Previr riscos asociados ás novas tecnoloxías e ao uso das redes sociais.
- Adquirir información e coñecementos sobre a identidade dixital.
- Achegar ferramentas para que poidan gozar das novas tecnoloxías e non facer que lle xeren situacións non desexadas.
- Facilitar a reflexión sobre os usos que poden ter estas redes. Sensibilizar na xestión axeitada das redes sociais.

Destinatarios: Alumnado de 4º ESO

Duración: 50 min

Temporalización: 3º trimestre

Localización: CPI de Bembibre

Tipo de actividade: Visita

Carácter: Presencial

Título: “Visita aos centros de FP”

Obxectivos:

- Dar a coñecer outras formas de formación.
- Axudar a coñecer e a analizar o mundo académico e profesional, e o que un é e desexa ser.
- Sensibilizar aos alumnos/as sobre a necesidade e importancia de pararse a reflexionar sobre o seu futuro inmediato académico e profesional.

Destinatarios: Alumnado de 4º ESO

Duración: de 09:15 h a 16:15 h

Temporalización: 2º trimestre

Localización: CIFP Compostela e CIFP Politécnico (Santiago de Compostela)

ANEXO DOCUMENTO Nº 5: ORGANIZACIÓN, FUNCIONAMENTO E HORARIO DAS BIBLIOTECAS

ÍNDICE:

| | |
|---|----|
| 1.- ORGANIZACIÓN XERAL | 75 |
| 2.- CARACTERÍSTICAS, FUNCIONAMENTO E HORARIOS. | 75 |
| 2.1.- BIBLIOTECA DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA | 75 |
| 2.1.1.- <u>Características principais.</u> | 75 |
| 2.1.2.- <u>Funcionamento.</u> | 76 |
| 2.1.3.- <u>Horarios.</u> | 76 |
| 2.1.4.- <u>Equipo biblioteca.</u> | 76 |
| 2.2.- BIBLIOTECA DE EDUCACIÓN SECUNDARIA | 76 |
| 2.2.1.- <u>Características principais.</u> | 76 |
| 2.2.2.- <u>Funcionamento.</u> | 77 |
| 2.2.3.- <u>Horarios.</u> | 77 |
| 2.2.4.- <u>Equipo biblioteca.</u> | 77 |

1.- ORGANIZACIÓN XERAL

No centro existen dúas bibliotecas que funcionan independentemente, unha para as Etapas de Educación Infantil e Primaria, situada no edificio destas dúas etapas educativas, e a outra no edificio de ESO, para o alumnado desa etapa educativa.

As coordinadoras de cada unha das bibliotecas son: Vanessa Martínez Carrera da de EI/EP e é Verónica Ramil Ferreiro da de secundaria.

2.- CARACTERÍSTICAS, FUNCIONAMENTO E HORARIOS.

2.1.- BIBLIOTECA DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA

2.1.1.- Características principais.

Desde fai uns cursos houbo cambios importantes nesta biblioteca, xa que se retiraron as mesas e sillas, sendo substituídas por butacas, puffs, bancos con coxíns, alfombras para os recunchos, etc... creando así un lugar moito máis adecuado para o fomento da lectura.

Volumes rexistrados: aproximadamente uns 6.200 exemplares.

Equipamento TIC: existen 2 ordenadores, 8 tablets e 1 proxector con pantalla branca tipo persiana.

2.1.2.- Funcionamento.

Cada grupo ten asignado un horario semanal de uso exclusivo para a realización de diferentes actividades.

Ademáis da biblioteca, existen en cada un dos cursos unha biblioteca de aula, que vai renovando os seus volumes periodicamente.

O sistema de préstamo farase a través do titor/a.

2.1.3.- Horarios.

Os horarios reservados aos grupos son os seguintes:

| | LUNS | MARTES | MÉRCORES | XOVES | VENRES |
|---------------|-------|------------|------------|------------|------------|
| 9:15 - 10:10 | | | | | |
| 10:10 – 11:05 | | Infantil B | | | |
| 11:05 – 11:55 | 4º EP | | | | 3º EP |
| 12:25 – 13:20 | | 6º A | INFANTIL A | INFANTIL B | |
| 13:20 – 14:15 | 5º EP | 1º A | | 2º EP | INFANTIL C |

2.1.4.- Equipo de biblioteca.

Vanessa Martínez Carrera
(coordinadora).
Patricia Villar García
Xoán Manuel Varela Pensado.
Noelia Rouco Fonteboa.
Daniel Sánchez Muiño.
Cristina Pájaro Piñeiro.
Cristina Sanín Míguez.
María Cortizo Carballo.
Estefanía Torres Rodríguez

2.2.- BIBLIOTECA DE EDUCACIÓN SECUNDARIA

2.2.1.- Características principais.

Capacidade: 36 postos de estudo con mesa, 6 butacas de lectura e 2 prazas con acceso

a internet para os alumnos/as.

Volumes rexistrados: o número aproximado de volumes rexistrados neste momento é duns 5500 exemplares.

Equipamento TIC: existen 2 ordenadores para o alumnado, 1 ordenador de uso exclusivo do equipo de biblioteca e 1 proxector con pantalla dixital.

2.2.2.- Funcionamento.

Durante o curso estará aberta no segundo recreo da mañá, funcionando nese periodo de tempo o servizo de préstamo.

O sistema de préstamo farase directamente na biblioteca.

Estase a valorar a apertura durante o recreo de comedor, se existen coidadoras dispoñibles.

2.2.3.- Horarios.

De luns a venres ás 12:50 horas ás 13:10 horas.

2.2.4.- Equipo de biblioteca.

| |
|--|
| Verónica Ramil Ferreiro (coordinadora). Xosé Bestilleiro Bello. Patricia Ares Framil. M. ^a Carina Sánchez Gigirey. Brion Tracy Milliman |
|--|

DOCUMENTO Nº 6 P.X.A.: PLAN ANUAL DE ACTIVIDADES PARA A POTENCIACIÓN DO USO DA LINGUA GALEGA PARA O CURSO 2023/24

ÍNDICE

| | |
|-----------------------------|----|
| 1.- INTRODUCCIÓN | 78 |
| 2.- RELACIÓN DE ACTIVIDADES | 78 |

1.- INTRODUCCIÓN

O ámbito escolar constitúe un espazo fundamental para o futuro da lingua galega, polo que resulta imprescindible desenvolver actuacións a prol da súa potenciación, coñecemento, utilización e valoración. Para iso é necesaria a implicación de toda a comunidade educativa, co obxectivo principal de incrementar e consolidar a presenza do galego en todos os contextos.

Como sucede todos os cursos, este Plan de Actividades para o Potenciamiento do Uso da Lingua Galega é un documento incompleto, xa que iremos engadindo novas propostas a medida que o curso vaia avanzado. Ditas actividades serán descritas na memoria do Equipo de Dinamización Lingüística do centro.

2.- RELACIÓN DE ACTIVIDADES

Neste apartado simplemente aparece un resumo das actividades previstas ata este momento, para obter máis información de cada unha delas pódese consultar o documento nº 5 desta P.X.A (Programa anual de actividades complementarias e extraescolares).

A relación de actividades programadas desde o equipo de Dinamización da lingua Galega é a seguinte:

| TEMPORALIZACIÓN | ACTIVIDADES DINAMIZADORAS |
|-----------------|---|
| Todo o curso | Actualización dos taboleiros de Dinamización da lingua galega. |
| Todo o curso | Dinamización da páxina web do centro e instagram |
| Todo o curso | Conferencias, actividades extraescolares e complementarias, visitas de escritores/as, obras de teatro, contacontos, coloquios e |

| | |
|----------------------------------|---|
| | outros certames que vaian xurdindo ó longo do curso. |
| Todo o curso | Plan Proxecta Alimentate Ben |
| Todo o curso | Plan Proxecta Xogade |
| Todo o curso | Utilización das TICs no fomento do uso do galego, coordinación co resto dos Equipos. |
| | ACTIVIDADES RELACIONADAS COAS CONMEMORACIÓNS |
| 1º trimestre | 24 de Outubro (día das bibliotecas): realización de diferentes actividades desde a biblioteca de infantil e primaria. |
| 1º Trimestre | Actividades relacionadas co Samaín e o Magosto relacionando o departamento de Dinaminización e Biblioteca. |
| 1º Trimestre | 25 de Novembro: Día da violencia de xénero |
| 1º Trimestre | Concurso de postais de Nadal. |
| 1º Trimestre | Celebración das campás e tarefas relacionadas co Nadal. |
| 2º Trimestre | Día da Paz (manifesto pola paz, carreira solidaria e canción). |
| 2º trimestre | 14 de febreiro, día do amor e a amizade (lemas, manifesto e certame) |
| 2º Trimestre | Día de Rosalía de Castro (23 de Febreiro) |
| 2º Trimestre | O Entroido |
| 3º trimestre | Día da muller traballadora (8 de marzo) |
| 3º trimestre | Semana da prensa e día do libro (abril) |
| 3º trimestre | Acoso escolar (maio e xuño) |
| 3º Trimestre (9 o 16 de maio) | Día dos maios. |
| 3º Trimestre | Semana das Letras Galegas: homenaxe a un/ha escritor/a galego/a. |
| 3º Trimestre | Xuño: colaboración na realización dos festivais de graduación |

DOCUMENTO Nº 7 P.X.A.: PROGRAMA ANUAL DE FORMACIÓN DO PROFESORADO PARA O CURSO 2023/24

ÍNDICE

| | |
|---|-----------|
| 1.- PROXECTOS DE FORMACIÓN PERMANENTE DO PROFESORADO NO CENTRO | 80 |
| 2.- OUTRAS ACTIVIDADES DE FORMACIÓN PROGRAMADAS | 80 |

1.- PROXECTOS DE FORMACIÓN PERMANENTE DO PROFESORADO NO CENTRO

Para este curso realizaranse dous PFPP no centro, un relacionado co Plan Dixital do curso 2023/24 denominado “Ferramentas interactivas”, e outro relacionado cos Polos Creativos denominado “Mesa de Son”.

Na páxina seguinte, no anexo II aparecen definidos ambos, indicándose as liñas de actuación, os obxectivos xerais, os participantes, a temporalización, etc...

2.- OUTRAS ACTIVIDADES DE FORMACIÓN PROGRAMADAS

Ademais das actividades de formación solicitadas polo profesorado a nivel individual, que serán indicadas na memoria de final de curso, na aula virtual do centro están a disposición do profesorado para a súa consulta, o material doutros cursos realizados en anos pasados.

En caso necesario, o coordinador TIC realizará actividades de formación e asesoramento individualizadas sobre o manexo da aula virtual con aqueles docentes que o necesiten.

ANEXO II

1. MEMBROS DO EQUIPO DE FORMACIÓN

| Apelidos e nome | NIF | Enderezo electrónico | Sinatura | |
|----------------------------|-----------|---------------------------|----------|--------------------------|
| Abarca Ribas, Miguel Ángel | 35080126C | miki-abarca@edu.xunta.gal | | |
| Sotelo Pardos, Diego | 33287286F | sotelo@edu.xunta.gal | | Coordinador itinerario 1 |

2. LIÑAS DE ACTUACIÓN PROPOSTAS

| |
|-------------------------|
| - Competencia dixital |
| - Competencia didáctica |

3. OBXECTIVOS XERAIS

- Modificar o espazo e as actividades creativas e innovadoras dentro do proxecto Polos Creativos.
- Promover o uso das ferramentas interactivas na aula e empregar novas tecnoloxías para optimizar o inventario.

4. RELACIÓN TOTAL DE PARTICIPANTES NO PLAN

| | Apelidos e nome | NIF | Enderezo electrónico | Sinatura |
|----|---------------------------------|-----------|-----------------------------------|----------|
| 1 | Abarca Ribas, Miguel Ángel | 35080126C | miki-abarca@edu.xunta.gal | |
| 2 | Abelenda Fernández, Ana | 44827239D | ana.abelenda@edu.xunta.gal | |
| 3 | Balboa Salgado, Antonio | 76707419G | abalboa@edu.xunta.gal | |
| 4 | Bestilleiro Bello, Xosé | 32834348P | xosebestilleiro@edu.xunta.gal | |
| 5 | Blanco Botana, María Elena | 76363484B | ma.elenablanca@edu.xunta.gal | |
| 6 | Cortizo Carballo, María | 53117948T | maria.cortizo@edu.xunta.gal | |
| 7 | Dosil Otero, María Inés | 33290718N | dosilotero@edu.xunta.gal | |
| 8 | Estévez Lorenzo, Beatriz | 33269668F | beatriz.estevez@edu.xunta.gal | |
| 9 | Ferrín López, Carlos | 52472631V | cferrin@edu.xunta.gal | |
| 10 | García García, Francisca | 21976742N | paquigarcia@edu.xunta.gal | |
| 11 | Iglesias Suárez, Isabel | 78788794V | iisuarez@edu.xunta.gal | |
| 12 | Magán Pichel, Catuxa | 45872455J | catuxam@edu.xunta.gal | |
| 13 | Martínez Carrera, María Vanessa | 44818379G | vmcarrera@edu.xunta.gal | |
| 14 | Mato Platas, María Isabel | 76519415W | isabelmatoplatas@edu.xunta.gal | |
| 15 | Milliman , Brion Tracy | X3552027E | bmil@edu.xunta.gal | |
| 16 | Pájaro Piñeiro, Cristina | 45861577Z | cristinapajaro@edu.xunta.gal | |
| 17 | Ponte Iglesias, David | 44822133D | davidponte@edu.xunta.gal | |
| 18 | Ramil Ferreiro, Verónica | 32693427P | veronicaramil@edu.xunta.gal | |
| 19 | Regos Ferreiro, Águeda | 79315112A | aguedaregos@edu.xunta.gal | |
| 20 | Rodríguez Mariño, María Belén | 79333843N | mariabelenrodriguez@edu.xunta.gal | |

| | Apelidos e nome | NIF | Enderezo electrónico | Sinatura |
|----|-------------------------------|-----------|-----------------------------------|----------|
| 21 | Rouco Fonteboa, Noelia | 33544386J | noelia.rouco@edu.xunta.gal | |
| 22 | Rubal Pastor, Susana | 33281853W | srubal@edu.xunta.gal | |
| 23 | Sánchez Gigirey, María Carina | 44820917N | kathy2412@edu.xunta.gal | |
| 24 | Sánchez Muiño, Daniel | 47377568Y | danielsanchezmuino@edu.xunta.gal | |
| 25 | Sanín Míguez, Cristina | 45861414N | cristinasaninmiguez@edu.xunta.gal | |
| 26 | Sieira Rivas, María Vicenta | 52452649E | visiri2001@edu.xunta.gal | |
| 27 | Sotelo Pardos, Diego | 33287286F | sotelo@edu.xunta.gal | |
| 28 | Torres Rodríguez, Estefanía | 45861168L | estefania.torres@edu.xunta.gal | |
| 29 | Urrutia Rodríguez, Patricia | 44824346Z | patriciaurrutia@edu.xunta.gal | |
| 30 | Varela Pensado, Xoán Manuel | 52433247D | jmanuelvarela@edu.xunta.gal | |
| 31 | Vidal Fernández, Carolina | 78789967V | carovife@edu.xunta.gal | |
| 32 | Villar García, Patricia | 44827736T | patricia.villar@edu.xunta.gal | |

5. ITINERARIOS

Itinerario 1: Implementación do Plan dixital no CPI de Bembibre

Curso 2023/2024

Liñas:

66 - Competencia dixital

Obxectivos:

- -Empregar con aproveitamento didáctico os paneis dixitais interactivos - Utilizar con soltura as ferramentas tecnolóxicas para o novo inventario diital

Contidos:

- - Panel dixital interactivo - O inventario dixital. - Proxectos dixitais interdisciplinares.

Actividades formativas:

Grupo de traballo

Título: Ferramentas interactivas

Modalidade: Grupo de traballo

Temporalización: 20/10/2023 - 31/05/2024

Obxectivos:

- Empregar o panel dixital interactivo
- Aplicar a actividades co alumnado o uso de tecnoloxías interactivas
- Optimizar a elaboración de documentos do centro.

Contidos:

1. Funcionamento do panel dixital interactivo

Contidos:

2. Aplicacións específicas para panel dixital interactivo
3. Inventario específico para ítems tecnolóxicos

Participantes:

| | Apelidos e nome | NIF | Enderezo electrónico | Sinatura |
|----|---------------------------------|-----------|-----------------------------------|----------|
| 1 | Sotelo Pardos, Diego | 33287286F | sotelo@edu.xunta.gal | |
| 2 | Abarca Ribas, Miguel Ángel | 35080126C | miki-abarca@edu.xunta.gal | |
| 3 | Abelenda Fernández, Ana | 44827239D | ana.abelenda@edu.xunta.gal | |
| 4 | Balboa Salgado, Antonio | 76707419G | abalboa@edu.xunta.gal | |
| 5 | Bestilleiro Bello, Xosé | 32834348P | xosebestilleiro@edu.xunta.gal | |
| 6 | Blanco Botana, María Elena | 76363484B | ma.elenablanca@edu.xunta.gal | |
| 7 | Cortizo Carballo, María | 53117948T | maria.cortizo@edu.xunta.gal | |
| 8 | Dosil Otero, María Inés | 33290718N | dosilotero@edu.xunta.gal | |
| 9 | Estévez Lorenzo, Beatriz | 33269668F | beatriz.estevez@edu.xunta.gal | |
| 10 | Ferrín López, Carlos | 52472631V | cferrin@edu.xunta.gal | |
| 11 | García García, Francisca | 21976742N | paquigarcia@edu.xunta.gal | |
| 12 | Iglesias Suárez, Isabel | 78788794V | iisuarez@edu.xunta.gal | |
| 13 | Magán Pichel, Catuxa | 45872455J | catuxam@edu.xunta.gal | |
| 14 | Martínez Carrera, María Vanessa | 44818379G | vmcarrera@edu.xunta.gal | |
| 15 | Mato Platas, María Isabel | 76519415W | isabelmatoplatas@edu.xunta.gal | |
| 16 | Milliman , Brion Tracy | X3552027E | bmil@edu.xunta.gal | |
| 17 | Pájaro Piñeiro, Cristina | 45861577Z | cristinapajaro@edu.xunta.gal | |
| 18 | Ponte Iglesias, David | 44822133D | davidponte@edu.xunta.gal | |
| 19 | Regos Ferreiro, Águeda | 79315112A | aguedaregos@edu.xunta.gal | |
| 20 | Rodríguez Mariño, María Belén | 79333843N | mariabelenrodriguez@edu.xunta.gal | |
| 21 | Rouco Fonteboa, Noelia | 33544386J | noelia.rouco@edu.xunta.gal | |
| 22 | Rubal Pastor, Susana | 33281853W | srubal@edu.xunta.gal | |
| 23 | Sánchez Gigirey, María Carina | 44820917N | kathy2412@edu.xunta.gal | |
| 24 | Sánchez Muiño, Daniel | 47377568Y | danielsanchezmuino@edu.xunta.gal | |
- Conmemoramos o “Día das Bibliotecas Escolares” e o “Día mundial da poesía” con actividades varia para celebralo, se é posible, na biblioteca, recompilando as distintas actividades de cada grupo-aula para a súa difusión. Este ano faremos un circuito de talleres con actividades lúdicas e lecturas no Samaín, marcapáxinas personalizados no día das Bibliotecas, lectura no patio....entre outros.
- Faremos lecturas ou dramatizacións o “Día das letras galegas” festexando ao escritor/a homenaxeado/a.
- Introduciremos as actividades dixitais empregando as tablets da biblioteca e as novas pantallas interactivas instaladas nas aulas, fomentando así o emprego de novas tecnoloxías. Tamén contamos cunha aula en funcionamento de Polos Creativos con gran variedade de materiais tecnolóxicos (radio, cámaras, tablets, pantalla 75”, impresora 3D, plotter,...etc).
- Ao final de curso os alumnos/as participantes serán obsequiados cunha excursión e cunha merendola nun recreo para festexar o remate dos clubs de lectura deste curso, entregándolles un diploma acreditativo de participación.

4.- LECTURA EN GALEGO

- Utilizar maioritariamente (se é posible) títulos en lingua galega.
- Sempre traballamos en coordinación co EDLG, contando coa súa colaboración en actividades levadas a cabo nos clubs, como a celebración do *Día das Letras Galegas*, o *Día da Poesía*, *Día das Bibliotecas escolares*, *Día de Rosalía*, *Día do Libro...* (ver blogue da biblioteca *O recuncho de Pistacho* (<https://recunchodepistacho.blogspot.com/>), a nosa conta en instagram, a revista anual en galego *O picoto...etc*.

5.- VARÓNS / FAMILIAS

A través dos titores/as dos diferentes grupos incentivarase a participación dos rapaces nos diferentes clubs de lectura, buscando temáticas atractivas para eles.

6.- NEAE

Coa participación de alumnos/as con necesidades específicas e cando sexa necesario, facilitarémolles a lectura e comprensión coa axuda doutros compañeiros e do profesor/a participante.

7.- ORGANIZACIÓN

Para este curso realizaranse 7 clubs de lectura en primaria, un por cada titoría, sendo o profesorado dinamizador o seguinte:

Sánchez Muíño, Daniel (alumnado de 1º curso de Primaria). Ferrín López, Carlos (2º curso E.P.). Martínez Carrera, M.ª Vanessa (3º curso E.P.). Regos Ferreiro, Águeda (4º curso E.P.). Rubal Pastor, Susana (5º curso E.P.). Cortizo Carballo, María (6ºA E.P.). Torres Rodríguez Estefanía (6ºB E.P.)

Os clubs poderanse reunir na biblioteca ou nas aulas.

Coordinadora: Águeda Regos Ferreiro.

8.- HORARIO E CALENDARIO

Os clubs reuniranse cos seguintes horarios:

Luns: no recreo das 11:55 ás 12:25 horas. 6º A e 6ºB.

Martes: no recreo das 11:55 horas ás 12:25 horas. 5º curso.

Mércores: no recreo das 11:55 horas ás 12:25 horas. 4º curso

Xoves : no recreo de 11:55 a 12:25 horas. 3º curso.

Venres: no recreo de 11:45 a 12:15 horas. 1º e 2º cursos.

Poderemos reunirnos na biblioteca e trataremos de incorporar outros espazos (aula, espazos exteriores..así como reunións semanais ou quincenais entre o profesorado participante os martes de 15:30 a 14:15 horas.

Tendo en conta os posibles horarios, espazos e días propostos anteriormente, cada titor/dinamizador acordará a reunión co seu grupo, podendo variar según as circunstancias (aula, biblioteca, patio,...)

9.- DIFUSIÓN

Avisarase de forma oral a cada grupo, a través dos titores/as e con carteis previos ás actividades. Asemade, a difusión das actividades realizarase a través da páxina web do centro no apartado de Clubs de lectura e/ou no blogue da biblioteca <http://recunchodepistacho.blogspot.com/>.

Bembibre, 23 de outubro de 2023.

Vº e P.

O director

Asdo.: Miguel Ángel Abarca Ribas

A Coordinadora dos Clubs de Lectura

Asdo.: Águeda Regos Ferreiro

7.- CLUB DE DEBATE

É un programa de nova creación para este curso, en colaboración do departamento de dinamización da lingua galega do Concello de Val do Dubra.

O Club de Debate é un proxecto de dinamización lingüística organizado desde varios concellos. Ten como finalidades contribuír ao uso oral do galego entre a mocidade e ofrecer recursos para a práctica de habilidades comunicativas e de relación interpersoal á vez que promove a reflexión, o pensamento crítico e o intercambio de opinións. Diríxese fundamentalmente aos centros de ensino secundario dos concellos organizadores e conta coa colaboración do profesorado e dos equipos de normalización lingüística dos centros participantes.

O Club de Debate pretende ser un punto de encontro, unha oportunidade para coñecer as opinións da mocidade sobre asuntos que lle afectan e para desmitificar a imaxe de pasividade e falta de implicación cos problemas sociais que ás veces se lle atribúe.

Os obxectivos centrais desta actividade son os seguintes:

- Favorecer o emprego da lingua galega entre a mocidade, especialmente os usos orais en contextos formais e informais.
- Potenciar a fluidez comunicativa.
- Promover o pensamento crítico e analítico.
- Fomentar a diversidade de opinións, a tolerancia e o traballo en equipo.

O Club de Debate pode asimilarse a un torneo deportivo no que atinxe á organización dos debates, ás fases de clasificación etc. Debe reflectir un espírito deportivo nos aspectos relacionados co traballo e coa organización en grupo, coa solidariedade, coa responsabilidade, co compañeirismo etc. Valoraranse as habilidades e a capacidade para a argumentación, o enxeño empregado para defender as posicións, o esforzo de análise e interpretación da realidade que realicen os equipos participantes, a escoita activa e a refutación dos argumentos do equipo co que se debata.

Os centros educativos participantes serán de diferentes Concellos: Ames, Carballo, Dodro, Ferrol, Negreira, Pontevedra, Rois, Santa Comba, Santiago, Teo e Val do Dubra.

Para esta convocatoria o CPI de Bembibre participará cun grupo de 6 alumnos/as (tres de 3º de ESO e tres de 4º), todos eles alumnado da materia de Oratoria.

DOCUMENTOS ANEXOS Á P.X.A.:

| | |
|---|-----|
| - PLAN T.I.C. 2023/24. | 107 |
| - CONCRECIÓN DO PLAN DE IGUALDADE PARA O CURSO 2023/24. | 118 |
| - PLAN LECTOR DE CENTRO CURSO PARA O CURSO 2023/24. | 127 |
| - ADDENDA PROXECTO LINGÜÍSTICO PARA O CURSO 2023/24. | 135 |
| - CONCRECIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA PARA O CURSO 2023/24. | 144 |

CPI DE BEMBIBRE: PLAN COORDINACIÓN TIC

**COORDINADOR TIC:
DIEGO SOTELO PARDOS**

ÍNDICE

| | |
|--|-----|
| Introdución | 109 |
| Estado actual do centro | 110 |
| <i>Medios materiais de primaria</i> | |
| Aulas ordinarias | |
| Aula de informática | |
| Sala de profesores | |
| <i>Medios materiais de ESO</i> | |
| Aulas ordinarias | |
| Aula de Informática | |
| Sala de profesores | |
| <i>Equipamento Abalar do centro</i> | |
| <i>Aula Polos Creativos</i> | |
| <i>Administración</i> | |
| Medios informáticos | 112 |
| <i>Comunicación e difusión de informacións</i> | |
| <i>Docencia</i> | |
| Obxectivos | 112 |
| Obxectivos xerais | |
| Obxectivos específicos para este curso | |
| Obxectivos para os alumnos | |
| Obxectivos para o profesorado | |
| Estratexias e funcionamento | 114 |
| <i>O centro</i> | |
| <i>Aulas de informática</i> | |
| Funcionamento das aulas Abalar | |
| Problemas dos equipos | |
| Impacto na aula | |
| Plan de continxencia Abalar | |
| O equipo de dinamización TIC | 116 |
| Avaliación do plan TIC | 116 |

Introducción

O destino deste Plan de Introducción das TIC é o de converterse nunha parte máis do PEC e por tanto o de ser asumido polo centro como unha parte da realidade do mesmo e por iso preténdese que este documento se integre nesa realidade, na dinámica de traballo do propio centro continuando co traballo que xa se viña facendo ata agora. Sabemos que a formación dos distintos membros da nosa comunidade é moi variada, por iso pedimos que cada un se comprometa na medida das súas posibilidades e formación actuais con espírito de equipo e colaboración, aportándonos cousas uns ós outros para fortalecer as experiencias que poidamos levar a cabo e por extensión o noso propio centro. A idea principal deste proxecto non é que os nosos alumnos aprendan informática, iso xa se irá conseguindo implicitamente na medida en que eles vaian traballando cos medios, senón que as TIC nos sirvan para achegalos a todo un mundo de posibilidades informativas, formativas e de comunicación.

É fundamental que a integración das TIC nas aulas chegue a tódolos rapaces, polo que debemos habilitar, na medida das nosas posibilidades, os recursos e medios necesarios para que os rapaces teñan a oportunidade de aproveitarse destas tecnoloxías e os docentes decidir o seu grao de implicación no uso das mesmas. Non se pretende que as TIC sexan a panacea universal para a aprendizaxe nin que substitúan a algo ou a alguén, senón consideralas como un elemento ou recurso máis co que contamos para acadar uns determinados obxectivos que xa tiñamos propostos. A rendabilidade que poidéramos obter destes recursos non está tanto neles en si mesmos como no uso do que deles se faga. Si, en Internet hai un montón de información pero pode ser unha auténtica perda de tempo se non sabemos cando, para qué e cómo imos utilizala dirixindo ós rapaces da forma máis apropiada. Non é a máquina a que determina a importancia da mensaxe, senón quen usa esa máquina. Por último, os contidos deste plan non teñen por qué ser exactamente os que se propoñen a continuación; aínda que tratamos de incluír todo aquilo que nos poidera ser de utilidade, a propia experiencia nas aulas nos indicará que elementos son os máis apropiados para o noso centro e cales debemos modificar ou rexeitar. O mellor plan é aquel que funciona e dá bos resultados.

Estado actual do centro

Medios materiais de primaria

Aulas ordinarias

| Aula | PC | Tablets | Portátil | Cañón | Panel táctil | PDI |
|------------|----|---------|----------|-------|--------------|-----|
| Infantil A | | | Windows | Si | Si | |
| Infantil B | | | Windows | Si | Si | |
| Infantil C | | | Windows | Si | Si | |
| 1ºA | | | Windows | Si | Si | |

| | | | | | | |
|------------|-----------|---|---------|----|----|----|
| 2ºA | | | Windows | Si | Si | |
| 3ºA | | | Windows | Si | Si | |
| 4ºA | | | Windows | Si | Si | |
| 5ºA | | | Windows | Si | | Si |
| 6ºA | | | Abalar | Si | | Si |
| 6º B | | | Abalar | Si | | Si |
| Música | Windows | | | Si | | |
| Biblioteca | 2 Windows | 8 | | Si | | |
| Inglés | | | Windows | Si | | Si |
| AL | | | Windows | Si | | Si |
| Relixión | | | Abalar | Si | | Si |

Aula de informática

| Aula | PC | Tablets | Cañón | Piz. branca | PDI |
|-------------|------------|---------|-------|-------------|-----|
| Informática | 16 Windows | | 1 | | |

Sala de profesores

| Aula | PC | Impresora | Impresora en rede | Cámara fotos | Scanner |
|--------------------|-----------|-----------|-------------------|--------------|---------|
| Sala de profesores | 2 Windows | | 1 | 1 | 1 |

Medios materiais de ESO

Aulas ordinarias

| Aula | PC | Portátil | Cañón | Piz. branca | PDI |
|--------|---------|-----------|-------|-------------|-----|
| 1ºA | | Abalar | Si | | Si |
| 2º A | | Abalar | Si | | Si |
| 3ºA | | Abalar | Si | | Si |
| 3ºB | | AA. Dixi. | Si | | Si |
| 4ºA | | AA. Dixi. | Si | | Si |
| Música | Windows | | Si | | |

| | | | | | |
|------------------|-----------|---------|----|----|----|
| Plástica | Windows | | Si | Si | Si |
| Tecnoloxía | Windows | | Si | | |
| Biblioteca | 3 Windows | Windows | Si | | Si |
| Usos múltiples 2 | | Linux | Si | Si | |

Aula de Informática

| Aula | PC | Portátil | Cañón | Piz. branca | PDI |
|---------------|------------|------------|-------|-------------|-----|
| Informática | 20 Windows | | 1 | Si | |
| Informática 2 | | 10 Windows | 1 | Si | |

Sala de profesores

| Aula | PC | Tablet | Impresora en red | Cámara fotos | Scanner |
|-------------|-----------|--------|------------------|--------------|---------|
| Informática | 3 Windows | 4 | 1 | 1 | 1 |

Equipamento Abalar do centro

| Etapas | Ultraportátiles | Carro cargador | Servidor |
|--------------------|-----------------|----------------|----------|
| Primaria (5º e 6º) | 14+18 Abalar | 2 | |
| ESO (1º e 2º) | 27+31 Abalar | 3+1 roto | |
| Todo o centro | | | 1 |

Aula Polos Creativos

| PC | Portátil | Tablets | Panel táctil | Impresora 3D | Lapis 3D | Escáner | Impresora | Mesa son | Chroma | Cámara vídeo | Cámara fotos | plotter |
|----|----------|---------|--------------|--------------|----------|---------|-----------|----------|--------|--------------|--------------|---------|
| 1 | 3 | 6 | 1 | 1 | 6 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 |

Administración

| Aula | PC | Impresora en rede | Teléfono |
|----------------|---------|-------------------|----------|
| Dirección | Windows | Con acceso a 2 | 1 |
| Secretaría | Windows | Con acceso a 2 | 1 |
| Xef Primaria | Windows | Con acceso a 2 | 1 |
| Xef ESO | Windows | Con acceso a 1 | 1 |
| Orientación | Windows | Con acceso a 1 | 1 |
| Administración | Windows | Con acceso a 2 | 1 |

Medios informáticos

Comunicación e difusión de informacións

| Espacio | Admin | Docentes | Pais | Alumnos |
|----------------------|---------|----------|------|---------|
| Páxina web do centro | L/M | L/M | L | L |
| Galería | Sen uso | | | |
| Correo electrónico | L/M | L/M | | |
| Grupo de Whatsapp | | L/M | | |
| Abalar | L/M | L/M | | |
| TokApp | L/M | L/M | L | |
| InstagramBiblio ESO | | L/M | | |

Docencia

| Espacio | Admin | Docentes | Pais | Alumnos |
|--------------|-------|----------|------|---------|
| Aula Virtual | L/M | L/M | | L/M |

Obxectivos

Obxectivos xerais

Potencia-lo emprego das novas tecnoloxías como ferramenta de traballo no proceso de ensino-aprendizaxe.

- Implicar ó profesorado na utilización das TIC na medida das súas posibilidades.
- Poñer a disposición da comunidade educativa canta ferramenta sexa precisa para que desenvolvan todas as tarefas relacionadas coas TIC.

- Favorece-la comunicación e/ou coordinación con coa comunidade educativa empregando ferramentas corporativas.
- Tratar de manter actualizado e dinamiza-lo noso sitio web con novos contidos/funcionalidades para favorece-la comunicación e colaboración con toda a comunidade educativa, Administración e con outros centros.
- Normaliza-la utilización das TIC en tarefas administrativas para unificar tódolos documentos do centro e tódalas informacions co mesmo formato potenciando as ferramentas corporativas como medio de contacto coas familias para o que sexa preciso.
- Tratar de introduci-las TIC en distintintas situacións relacionadas con actividades docentes como poideran ser fotografías, traballos dos rapaces, revista escolar, etc. dixitalizando o que sexa posible co obxecto de acadar unha óptima manipulación posterior para a súa posible inclusión no noso sitio web, exposicións dixitais, etc.

Obxectivos específicos para este curso.

O obxectivo principal deste curso é aplicar as liñas deseñadas no Plan dixital do curso pasado para este:

- Aplicación do Plan Dixital na seu segundo ano
 - Desenvolver o segundo ano de Polos Creativos.
 - Rematar o proxecto inicial
 - Ampliación do espacio.
 - Formación do profesorado sobre material específico (mesa de son)
 - Optimizar a páxina web do centro.
 - Propoñer formación precisa para a práctica docente e administrativa:
 - Uso do panel táctil e aproveitamento didácticos
 - Emprego da aplicación de inventario.
- Outros obxectivos específicos para este curso:
 - Aumentar o número de dispositivos informáticos móbiles en primaria
 - Instalar pizarras dixitais en diferentes aulas específicas.
 - Promover Edixgal

Obxectivos para os alumnos

- Usar todo tipo de materiais e software que facilite a súa aprendizaxe e favorezan a adquisición de todo tipo de habilidades, destrezas e coñecementos.
- Favorecer e potenciar a súa comunicación e intercambio de información con outros compañeiros do seu contorno próximo ou de fóra do seu centro.
- Emprega-los ordenadores como instrumentos de creación, integración e medios de expresión das ideas propias de cada un.

Obxectivos para o profesorado

- Utiliza-las TIC como un recurso máis para perfecciona-la actividade docente e enriquece-la súa formación.
- Emprega-los ordenadores para o seu traballo cotiá e para as actividades de aula, tanto para o seu traballo particular con relación á docencia como para actividades que poideran desenvolve-los seus alumnos.
- Capacitar ó conxunto do profesorado para que sexa autónomo na consulta de información tanto para temas profesionais (concursos, cursos de formación, etc.) como para temas relacionados coa súa actividade docente directamente relacionada cos rapaces/as.
- Intercambiar experiencias, coñecementos, actividades, participación en foros, debates, chats,... a través de Internet para enriquece-la súa experiencia docente.

Estratexias e funcionamento

O centro

O centro pretende integrar as TIC no seu funcionamento cotián. Se na xestión administrativa xa se fai todo vía web (Xadeweb, Comedores, Transporte, admisionalumnado,...), preténdese que no funcionamento interno se integren tamén as TIC, así:

As convocatorias de claustros, consellos, reunións, fanse enviando un correo a cada compoñente. Empregarase o correo electrónico para comunicar avisos ao profesorado, enviarlle documentación, ou informacións que lle poida interesar. Tamén se empregará en sentido inverso cando o profesorado teña que enviar algúnha documentación ao centro.

Tamén se colgarán da paxina web documentos para ser revisados ou consultados polos docentes: plan de convivencia, NOF,...

Todos os departamentos de ESO e titores de primaria contan cun espazo na páxina web do Centro para publicar a información que consideren importante para a comunidade educativa: fotos de actividades, actividades para alumnos, enlaces de interese.

Asemade, os proxectos do plan PROXECTA (XOGADE e QUEROTE +) teñen unha entrada na páxina web para facer unha publicación das actividades que van desenvolvendo ao longo de cada curso.

Atención á formación do profesorado nas TICs: En xuño, ao remate do curso, solicitarase ao profesorado, a través dos departamentos didácticos, que comunique as necesidades de formación en TICs que detecta no seu ámbito de traballo, Así poderanse planificar e organizar as actividades correspondentes cara ao curso seguinte que permitan satisfacer esas carencias.

Aulas de informática

Para un aproveitamento óptimo dos equipos, convén que tanto os equipos coma os espazos estean organizados de maneira que se lles poida sacar o máximo proveito posible, tanto na disponibilidad, coma no seu rendemento. Para sacarlle o máximo rendemento aos equipos, estes deben ter instalado o mínimo software posible.

Con estas premisas organizaranse os equipos e espazos do seguinte xeito:

Cada PC terá instalado un software xenérico: Sistema operativo, lector de PDF, visor de videos, paquete office, Navegador de internet, ..

Faráse unha folla de uso para cada aula. Nela quedarán marcadas permanentemente as horas das materias que precisen da aula durante todo o curso e no resto de espacios en branco os profesores anotarán o día e hora que precisen ir. En primaria a folla estará en branco.

O profesorado que desexe utilizar unha das aulas de informática soamente terá que apuntarse na folla. Nos PCs destas aulas instalarase, ademais do software xenérico, aquel que soliciten os profesores que imparten clase nelas. Este software será preferiblemente gratuito e de código aberto

Nos portátiles das aulas ordinarias (tanto en ESO como en primaria) terán instalado software gratuito e libre, de xeito que se fai falta se reinstale e formatee o ordenador no menor tempo posible e sen necesidade de preocuparse de licencias. Os equipos de Abalar xa teñen a súa propia imaxe para restaurarse a principio de curso.

Funcionamento das aulas Abalar

Os equipos Abalar producen unha gran cantidade de incidencias que non poden ser resoltas cos medios actuais.

Problemas dos equipos

Hardware

Unha porcentaxe deles ten a batería estropeada, non carga e precisa estar enchufados á corrente. Outros teñen rota a pestana de carga e nin sequera con cargador poden funcionar.

Os equipos poden apagar sen previo aviso.

Algúns non encenden e quedan no menú da BIOS e pantalla negra.

Faltan teclas en varios equipos.

Software

Non admiten a clonación a versións actualizadas da maqueta Abalar (todos os navegadores están desactualizados).

Non soportan tarefas que precisen un mínimo de memoria (ver un vídeo).

Tempo de inicio das aplicacións moi alto (tarda moito en abrir un procesador de texto).

As aplicacións apáganse sen previo aviso con moita frecuencia (perda do traballo realizado e volver acender o equipo ou a aplicación).

As aplicacións van moi lentas (por exemplo, moverse polo procesador Writer polos diferentes menús é un proceso tedioso).

Impacto na aula

Falta de uso e abandono dos equipos Abalar.

Uso doutras solucións menos idóneas como tablets.

Saturación da aula informática.

Modificación da metodoloxía: cambio do modelo da clase. En vez de integrar os equipos informáticos na práctica cotiá hai que agrupar e programar as actividades para o día que se ten acceso á aula informática.

O funcionamento das aulas Abalar vese modificado pola non continuidade do plan Abalar pola Consellería de Educación e Cultura. Os equipos non son suficientes para que cada alumno teña un ultraportátil. A solución este curso será que 5º ESO Prim e 5º ESO Prim compartan equipos. O armario cargador estará colocado nunha das clases.

A cada alumno lle corresponde o uso dun ultraportátil do que se fai responsable. Ao inicio de curso se lles pedía aos pais que asinaran un documento no que se responsabilizaban do deterioro do equipo asignado ó seu fillo. As normas pormenorizadas aparecen no anexo I. Este ano o mantemento do proxecto Abalar está en suspensión e non arranxan os equipos dos alumnos/as. Por esta razón, os ultraportátiles son propiedade do centro e, como calquera obxecto ou ben do centro, deberá ser reparado polo alumno se así o decide a Comisión de Convivencia.

Plan de continxencia Abalar

Debido a todas as dificultades dos equipos Abalar este ano non se repartirán os ultraportátiles entre o alumnado e se derivarán ás aulas de informática ordinarias. Farase a adaptación das aulas de informática para que poidan empregar a aula os grupos máis numerosos (16 Primaria e 24 ESO).

O equipo de dinamización TIC

Nomearase un coordinador, dependendo da dispoñibilidade de profesorado no centro.

As funcións de este coordinador son:

- A coordinación e seguemento do Plan TIC
- Mantemento de equipos e instalacións TIC.
- Axudar aos compañeiros nas dificultades que atopen a hora de empregar as novas tecnoloxías nas aulas.
- Coordinar o emprego dos equipos informáticos e audiovisuais.
- Fomentar o emprego das TICs.
- Fomentar a formación do profesorado neste campo, informando dos cursos de formación e propoñendo grupos de traballo .
- Detectar as carencias no emprego das TIC e propoñer solucións.
- Detectar as necesidades, tanto de hardware como de software
- Elaborar a memoria final ao rematar o curso.

Avaliación do plan TIC

O criterio escollido para a avaliación do plan TIC é a enquisa persoal ao profesorado e a cantidade de obxectivos acadados. Na memoria final cada departamento avaliará a consecución dos seus obxectivos relativos ao plan TIC. En función deses resultados modificarase o plan para o ano seguinte.

Enquisa para o profesorado.

| | NIVEL DE SATISFACCIÓN | | | |
|--|-----------------------|--------------|---------------|-------|
| | Alto | Medio - alto | Medio - baixo | Baixo |
| | | | | |

| | | | | |
|---|--|--|--|--|
| A dotación material actual é suficiente | | | | |
| A formación do profesorado do departamento é axeitada | | | | |
| A resolución dos problemas informáticos é rápida | | | | |
| A oferta formativa adáptase ás necesidades do Departamento | | | | |
| A canle de comunicación co equipo TIC é axeitada | | | | |
| As sesións programadas con equipación TIC foron impartidas sen incidentes | | | | |
| A información TIC para as novas incorporacións é ... | | | | |

CONCRECIÓN DO PLAN DE IGUALDADE DO CPI DE BEMBIBRE PARA O CURSO 2023/24

ÍNDICE

| | |
|---|-----|
| 1.- INTRODUCCIÓN | 118 |
| 2.- OBXECTIVOS E ACTUACIÓNS XERAIS | 118 |
| 3.- DESCRICIÓN DAS ACTIVIDADES E PROPOSTAS PARA ESTE CURSO ACADÉMICO | 121 |

1.- INTRODUCCIÓN

Igualdade, Tolerancia e Convivencia son tres aspectos íntimamente relacionados entre si e constitúen os pilares sobre os que temos que construír a sociedade.

O labor dos centros educativos en relación á construción dunha sociedade máis tolerante e aberta á diversidade é fundamental, xa que non só estamos formando académicamente aos alumnos/as, estamos formando a persoas que pertencen á nosa sociedade.

Aprender a vivir xuntos, aprender a convivir cos demais, ademais de constituír unha finalidade esencial da educación, representa un dos principais retos para os sistemas educativos actuais.

Son moitas as razóns que fan que esta aprendizaxe sexa considerada non valiosa en si mesma, senón imprescindible para a construción dunha sociedade máis democrática, máis solidaria, máis igualitaria, máis cohesionada e máis pacífica.

2.- OBXECTIVOS E ACTUACIÓNS XERAIS

Os principais obxectivos e actuacións xerais para este curso académico serán as seguintes:

| OBXECTIVOS | ACCIÓNS | RESPONSABLES | TEMPORALIZACIÓN | AVALIACIÓN |
|--|---|--|-----------------|--------------------|
| - Potenciar as actividades basadas na coeducación, para conseguir un | - Organización de actividades variadas para potenciar a igualdade, tolerancia | - Equipo Directivo. - Equipos de biblioteca. - Equipo de | - Todo o curso. | - Memorias finais. |

| | | | | |
|--|---|--|----------------|--|
| desenvolvemento integral das alumnas e alumnos en igualdade. | e convivencia. | Dinamización lingua Galega. - Equipo de Actividades compl. e Extraesc. - Profesorado. - Departamento de Orientación. - Coordinadora de Igualdade. | | |
| -Potenciar valores como a tolerancia, o respecto á diversidade, a colaboración e a igualdade como pilares básicos dunha educación inclusiva. | -Traballo nas titorías. -Proxectos plantexados desde a materia de Valores éticos. -Celebración de efemérides vencelladas a temas de igualdade, tolerancia, compromiso e respecto. -Realización de actividades relacionadas coa Igualdade. | - Equipo Directivo. -Titores/as. - Equipos de biblioteca. - Equipo de Dinamización lingua Galega. - Equipo de Actividades compl. E Extraesc. - Profesorado. - Departamento de Orientación. - Coordinadora de Igualdade. | - Todo o curso | - Avaliación do traballo nas titorías. - Memorias finais. |
| - Fomentar a elaboración, elección e uso de materiais organizativos e didácticos inclusivos e coeducativos, reixetando aqueles que presenten calquera tipo de elementos sexistas, que promovan a desigualdade. | - Revisión de todos os documentos e materiais antes da súa utilización. - Emprego dunha linguaxe inclusiva. - Lecturas e visionado de audiovisual de contidos non sexistas ou que versen sobre respecto, tolerancia, igualdade e diversidade. | Equipo Directivo e todo o Profesorado. - Coordinadora de Igualdade. | -Todo o curso | - No suposto dalgunha queixa de algún membro da comunidade educativa, análise dos materiais a empregados nas CCPs. |
| - Detectar as situacións de desigualdade que se poden dar no centro, prestando especial atención ás condutas, comportamentos, actitudes, lingüaxe, estereotipos de xénero, expectativas de futuro, ... | - Observación das condutas do alumnado durante as clases, recreo e comedor. - Rexistro das condutas no parte de incidencia. - Colaboración de todo o profesorado e persoal non docente para estar alerta e denunciar esas condutas. | -Toda a Comunidade Educativa. | -Todo o curso. | - Avaliación final. - Partes de incidencia. - Reunións da Comisión de Convivencia. |
| - Ofrecer aos alumnos/as estratexias non | - Potenciación da mediación e conciliación na | -Todo o profesorado. | -Todo o curso | - Memorias finais. |

| | | | | |
|--|--|--|----------------|---|
| violentas de resolución de conflitos. | resolución de problemas. | | | |
| - Fomentar a participación de toda a comunidade educativa en actividades realizadas no centro e fóra del relacionadas coa igualdade e violencia de xénero (actividades para o día da paz, día contra a violencia de xénero, ...) | - Realización de actividades de prevención, sensibilización e concienciación sobre a Igualdade e Violencia de Xénero. | -Equipo Directivo. - Equipos de biblioteca. - Equipo de Dinamización lingua Galega. - Equipo de Actividades compl. e Extraesc. - Profesorado. - Departamento de Orientación. - Coordinadora de Igualdade. | -Todo o curso | - Memorias finais |
| - Corrixir a través do establecido no N.O.F., aquelas condutas contrarias á convivencia relacionadas coa violencia de xénero. | - Redacción obxectiva dos partes de incidencia. | - Todo o profesorado. | - Todo o Curso | - Rexistro e análise dos partes de incidencia relacionados coa violencia de xénero. |
| - Educar desde a diversidade para unhas relacións afectivas e sexuais saudables e respectuosas, e para unha convivencia harmónica que integre a diversidade de xénero, sexual e afectiva. | - Realización de actividades específicas. - Obradoiro de educación sexual. - Información sobre o colectivo LGTBI. - Información sobre identidades sexuais. -Información e educación en diversidade e tolerancia. - Docencia nas tutorias e en Valores éticos. | - Equipo Directivo. - Equipos de biblioteca. - Equipo de Dinamización lingua Galega. - Equipo de Actividades compl. E Extraesc. - Profesorado. - Departamento de Orientación. - Coordinadora de Igualdade. | - Todo o curso | -Memorias finais. |
| - Dar a coñecer á comunidade educativa materiais e orientacións para a abordaxe da educación afectiva e sexual desde o respecto á diversidade e o desenvolvemento dun proxecto de vida libre e saudable en plenitude. | - Utilización dos taboleiros específicos de Igualdade. - Adquisición de libros sobre identidade de xénero, feminismo, igualdade, novas masculinidades, respecto e tolerancia na biblioteca. - Renovación e dinamización do punto adicado a igualdade na biblioteca. - Actividade nos espazos virtuais (blogue e instagram da biblioteca) para dar visibilidade a este tema. | Equipo Directivo. - Equipos de biblioteca. - Equipo de Dinamización lingua Galega. - Equipo de Actividades compl. E Extraesc. - Profesorado. - Departamento de Orientación. - Coordinadora de Igualdade. | Todo o curso. | - Memorias finais. |

| | | | | |
|--|--|---|--|--|
| | - Envío de materiais a través da aula virtual. | | | |
| - Dotar ás bibliotecas de material (manuais, libros, recursos audiovisuais, ...) que traten sobre a temática da diversidade sexual. | - Compra de material. - Mostra de carteis vencellados ó tema nas dependencias do Centro. -Mostra de traballos sobre dita temática. | - Equipo Directivo. - Equipos de biblioteca. | Todo o curso | - Memorias finais. |
| Revisar o NOF cada curso | - Análise nas CCPs. - Presentación das modificacións propostas no Claustro e no Consello Escolar. | - Equipo Directivo. - Membros da CCP. - Profesorado. | - Xeralmente a final do curso, aínda que pódese revisar en calquera momento. | - Aprobación das modificacións do NOF polo Consello Escolar. |
| - Fomentar a participación de toda a comunidade educativa en actividades realizadas no centro (actividades para o día da paz, actividades contra a discriminación afectivo-sexual...) e fóra del (ENAPAS, ...) relacionadas co respecto e a tolerancia cara ás persoas que pertencen a grupos sociais que poden sufrir discriminación, como por exemplo o colectivo LGTBI. | - Organización de actividades para o alumnado durante o horario lectivo. - Organización de actividades virtuais para o alumnado. - Colaboración coa ANPA na realización de ENAPAS con esta temática. | - Equipo Directivo. - Equipos de biblioteca. - Equipo de Dinamización lingua Galega. - Equipo de Actividades compl. E Extraesc. - Profesorado. - Departamento de Orientación. - Coordinadora de Igualdade. - ANPA. | - Todo o curso | - Memorias finais. - Análise nas asembleas da ANPA. |
| - Utilizar as titorías como unha ferramenta para o traballo das relacións persoais e o respecto e tolerancia para a diversidade afectiva-sexual. | -Actividades nas titorías. - Asesoramento do Departamento de Orientación aos titores/as. | - Titores/as. - Departamento de Orientación. | Todo o curso. | Memorias finais. |

3.- DESCRICIÓN DAS ACTIVIDADES E PROPOSTAS PARA ESTE CURSO ACADÉMICO

Antes de describir as actividades propostas para este curso, é necesario recordar que Igualdade e Convivencia son dos aspectos íntimamente relacionados entre sí, polo que unha parte importante das actividades que aparecen a continuación tamén van dirixidas ao traballo da Convivencia.

Así mesmo, indicar que esta concreción do Plan de Igualdade non é un documento pechado, xa que ás actividades que indicaremos posteriormente uniranse outras que

vaian xurdindo ao longo do curso e que serán reflectidas na memoria correspondente.

A maioría das actividades descritas a continuación serán organizadas polos Equipos de Biblioteca, o Equipo de Dinamización da Lingua Galega o Departamento de Orientación e o Departamento de Actividades Complementarias e Extraescolares coa colaboración do resto do Profesorado e o Equipo Directivo.

DURANTE O 1º TRIMESTRE:

Obradoiros de igualdade: impartidos pola ong igaxes

Organizador: Departamento de Orientación.

Número de obradoiros: dous (6º EP e 1º ESO)

Obxectivos:

- Coñecer as vivencias na relación de identidade sexo-xénero e outras fontes de desigualdade.
- Analizar os tipos de violencias de xénero e o ciclo da violencia
- Analizar a igualdade de xénero nos medios dixitais.
- Fomentar o empoderamento da xuventude para previr as violencias de xénero.

Destinatarios: alumnado de 6º curso de EP e 1º da ESO.

Duración: cinco sesións de 50 minutos.

Temporalización: 1º trimestre.

Localización: instalacións do centro educativo.

Día Internacional Contra a Violencia cara ás Mulleres (25 de novembro):

Celebrarase o día **24 de novembro** e asistirá todo o alumnado do centro.

Actividades:

- Lectura do manifesto contra as violencias machistas (primaria e secundaria).
- Pegada de carteis por todo o centro contra a violencia de xénero (primaria e secundaria).
- Realización dunha manifestación con pancartas realizadas polos nenos. A manifestación recorrerá as rúas do pobo. Todo o alumnado irá con pancartas e levantando a voz con lemas contra a violencia de xénero.

Obxectivos:

- Desenrolar e potenciar a tolerancia no noso alumnado.
- Descubrir a violencia como un problema social que nos afecta todas e todos e contra o que debemos loitar para terminar con el.
- Construír unha sociedade máis equitativa e xusta, onde as relacións entre homes e mulleres baséense na igualdade.
- Promover unha educación non discriminatoria, non sexista e non violenta.
- Combater a linguaxe sexista e a degradación das mulleres.
- Aprender a expresar as emocións de forma adecuada, evitando os insultos, agresións, berros...
- Mostrar e visibilizar a gravidade da violencia de xénero dentro dos centros educativos.
- Descubrir as consecuencias que trae a desigualdade entre homes e mulleres.
- Identificar, visualizar e definir todas as formas de violencia que se exercen sobre as

nenas e mulleres.

- Previr a violencia como medio para acabar con ela.

Participación: todas as etapas.

Día internacional das persoas con discapacidade (3 de decembro):

Organizada polo equipo de dinamización da biblioteca de infantil e primaria, celebrarase o 4 de decembro.

Actividades:

- Relacionadas coa promoción da inclusión da discapacidade.

- Realización dun puzzle xigante no que cada neno/a aportará unha peza do puzzle elaborado por el no que escribirá o seu punto débil e forte.

Obxectivos:

- Promover os dereitos e o benestar das persoas con discapacidade.

- Concienciar ao alumnado sobre as dificultades que teñen as persoas discapacitadas, en algúns aspectos das súas vidas.

Participación: EI/EP.

DURANTE O 2º TRIMESTRE:

Taller de concienciación da diversidade funcional impartido pola ONG Igaxes

Organizador: Departamento de Orientación.

Obxectivos:

- Eliminar os estereotipos.

- Introducir a linguaxe inclusiva.

- Experimentar e reflexionar sobre as barreiras físicas, sociais e de comunicación.

- Fomentar o traballo en grupo, a socialización, cooperación e interacción grupal.

Destinatarios: alumnado de 1º de EP.

Duración: 1 sesión dunha hora.

Temporalización: 2º trimestre.

Localización: instalacións do centro educativo.

Día da Paz (30 de xaneiro):

Actividades:

- Organización dunha carreira solidaria (EI/EP).

- Elaboración dunha ambientación por medio de diapositivas na biblioteca con lemas de paz concurso de debuxos para o día da paz (EI/EP)..

- Realización dun concurso para deseñar unha pancarta co lema "Educando pola PAZ" que colgaremos na entrada do colexio ao igual que o curso pasado (EI/EP).

- Solta de globos biodegradables por titorías (EI/EP).

- Ambientación do edificio de secundaria con lemas sobre a paz (ESO).

- Traballaremos unha canción elexida que represente e transmita unha mensaxe. Canción que cantaremos e bailaremos todos xuntos no patio.

Obxectivos:

- Promover a tolerancia e o respecto como medio para conseguir unha sociedade mellor,

onde as persoas convivan en paz.

- Respetar as diferencias individuais, entendéndoas como unha fonte de riqueza, e nunca como forma de discriminación.
- Seguir promovendo a mellora da convivencia no centro educativo

Participación: Todas as etapas educativas.

Día da muller traballadora (8 de marzo):

A comunidade educativa conmemora a loita da muller pola súa participación dentro da sociedade, en pé de emancipación da muller e no seu desenvolvemento íntegro como persoa.

Actividades:

- Monólogos
- Microteatro (estereotipos femininos)
- Performances (igualdade da muller e empoderamento)
- Ciclo de cine sobre a muller
- Elaboración de pancartas e outros elementos.
- Charla-coloquio virtual dalgunha muller, narrando a súa experiencia no mundo laboral.
- Realizárase un mural onde se visualice o movemento feminista.
- Proporase lecturas dende a biblioteca sobre esta temática.

Obxectivos:

- Promover e concienciar ao alumnado sobre o respecto aos dereitos das mulleres.
- Denunciar calquera tipo de discriminación contra a muller.
- Erradicar da sociedade calquera tipo de estereotipo sexista.

Participación: todas as etapas educativas.

DURANTE O 3º TRIMESTRE:

Día internacional contra o acoso escolar (2 de maio):

Actividades:

- Participación de todo alumnado en actividades dirixidas á concienciación do alumnado sobre a necesidade de erradicar calquera situación relacionada co acoso escolar.
- Coa axuda das familias, elaboraremos lemas en repulsa do acoso escolar que escribiremos polas paredes dos baños tanto de nenos como das nenas. Esta actividade continuará o que xa se comezou os cursos anteriores.
- Visualizárase vídeo para identificar situacións de bullying e proporase diferentes estratexias para solventar o acontecido.
- Poñerase un banco no patio no que os alumnos poderán sentarse cando se sintan sós e necesiten compañía. Chamarase "O banco da amizade".

Obxectivos:

- Explicar ao alumnado en que consiste o acoso escolar, concienciándoo sobre as graves repercusións que ten sobre as vítimas.
- Traballar estratexias para evitar situacións de acoso escolar no centro educativo.
- Concienciar á comunidade escolar sobre a necesidade de denunciar calquera situación de posible acoso escolar.

Participación: EI/EP.

Participación no Proxecto “Que non te lían, ti elixes”.

Obxectivo principal:

- Favorecer a orientación vocacional libre de estereotipos na elección de itinerarios formativos enfocados nos ciclos de formación profesional con menor presenza de mulleres.

Destinatarios: alumnado de 3º e 4º de >ESO.

Duración: 1 sesión dunha hora.

Temporalización: 2º trimestre.

Localización: instalacións do centro educativo.

DURANTE TODO O CURSO:

Ademais das actividades anteriores temporalizadas por trimestres, realizaranse outras repartidas durante todo o curso, con datas e contidos aínda por determinar, pero baseadas en diferentes actuacións.

Actividades coordinadas a través do equipo de EDLG e organizadas polas bibliotecas de EI/EP e ESO:

As principais actividades coa temática da igualdade, dereitos, respecto, tolerancia e convivencia, plantearanse baixo diferentes formatos:

- Obradoiros de narración oral (EI/EP/ESO).
- Exposicións (EI/EP e ESO).
- Microteatro (EI/EP).
- Teatro de monicreques (EI/EP).
- Contacontos (EI/EP).
- Monólogos (EP/ESO).
- Performances (EI/EP/ESO)
- Plan lector(EP/ESO)
- Karaoke (EI/EP)
- Obradoiros (EI/EP/ESO)
- Proxección de películas (ESO).
- Conferencias (ESO).
- Debates, reflexións, traballos de campo (ESO).
- Seccións especiais para libros destinados á igualdade de xénero, colectivos LGTBI e estudantes con necesidades educativas especiais. (EI/EP/ESO)

Outras actividades varias de convivencia, igualdade e relacións sociais:

Algunhas destas propostas están pendentes de análise para ver a viabilidade da súa realización:

- Festivais Nadal e festival de fin de curso.
- Excursións.
- Andainas.
- Actividades deportivas con outros centros educativos.

- Proxectos interdisciplinares.
- Activismo estudantil.

Participantes: EI/EP/ESO

Utilización dos taboleiros de Igualdade:

En cada un dos edificios existe un taboleiro destinado exclusivamente para a temática de Igualdade. Son espazos á vista do alumnado/a e do profesorado, onde aparece diversa información e material sobre a Igualdade de Xénero, a Violencia de Xénero, o respecto pola diversidade sexual ou o colectivo LGTBI.

O material renóvase periodicamente, a través dos Equipos de Biblioteca ou da Coordinadora. Os alumno/as e profesorado tamén poden publicar información neses espazos.

PLAN LECTOR DE CENTRO

**CPI DE
BEMBIBRE:
Curso 2023/24**

ÍNDICE

| | |
|--|-----|
| 1.- INTRODUCCIÓN | 128 |
| 2.- OBXECTIVOS | 128 |
| 3.- ORGANIZACIÓN DE TEMPOS E ESPAZOS PARA A LECTURA | 129 |
| 4.- RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS | 129 |
| 5.- ACTUACIÓNS XERAIS DO CENTRO DESTINADAS AO FOMENTO DA LECTURA E DA ESCRITURA E Á ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS BÁSICAS. | 130 |
| 5.1.- EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA | 130 |
| 5.2.- EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA | 132 |
| 6.- CONTRIBUCIÓN DAS DIFERENTES ETAPAS AO FOMENTO DA LECTURA | 133 |
| 6.1.- EDUCACIÓN INFANTIL | 133 |
| 6.2.- EDUCACIÓN PRIMARIA | 133 |
| 6.3.- EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA | 133 |
| 7.- AVALIACIÓN | 133 |

1.- INTRODUCCIÓN

O Pan Anual de Lectura é un programa con obxectivos e accións para o desenvolvemento do *Proxecto Lector do Centro*. Neste sentido, tratamos de deseñar un plan personalizado e adaptado ás características específicas do noso centro, que vaia encamiñado a mellorar as competencias fundamentais de lectura e escritura do noso alumnado desde todas as áreas do currículo, xa que nelas atópase a base de calquera tipo de aprendizaxe.

Ademais das contribucións que cada docente fai a través da súa área ou materia, para un mellor desenvolvemento deste Plan é necesario potenciar as posibilidades que ofrecen as dúas bibliotecas que temos no centro, a través de actividades de dinamización que impliquen a todos/as. Trátase, en definitiva, de implicar a toda a comunidade educativa no proceso de adquisición do hábito lector.

2.- OBXECTIVOS

- Desenvolver a competencia lectora do alumnado, mellorando a expresión oral e escrita.
- Favorecer a competencia literaria a través da lectura de textos pertencentes a distintos xéneros.
- Educar no uso crítico da información, potenciando no alumnado o sentido crítico e selectivo.
- Fomentar o hábito da lectura e escritura, interpretando e producindo textos orais e escritos desde posturas persoais creativas e críticas.
- Potenciar o uso da biblioteca escolar como centro de recursos e como elemento dinamizador da actividade lectora.

- Implicar a toda a comunidade educativa no programa de lectura a través da participación en actividades de distinto tipo, organizadas polo centro.

3.- ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS E TEMPOS PARA A LECTURA

ESPAZOS:

- Aulas ordinarias e específicas.

- Bibliotecas do centro: cada grupo de infantil e primaria terá un mínimo dunha hora de acceso preferente á biblioteca de EI/EP, podendo acceder a ella exclusivamente en horario lectivo. O anexo do Documento 5 desta PXA (organización, funcionamento e horarios da biblioteca), recolle no apartado 2.1.3. eses horarios de acceso preferente

- A biblioteca da ESO permanecerá aberta no segundo recreo da mañá, das 12:50 horas ás 13:10 horas.

Tal como reflexa o Proxecto Lector do centro, para cada unha das dúas bibliotecas haberá un equipo de traballo e unha coordinadora.

- Espazos virtuais:

a) Blogues: cada unha das bibliotecas ten un Blog propio que funciona como dinamizador de moitas das actividades ofertadas por ambas, no caso da biblioteca de infantil e primaria denomínase “O Recuncho de Pistacho” e a ligazón para o seu acceso é <http://recunchodepistacho.blogspot.com/>, mentres que ó de secundaria denomínase de ESO “Val do Libro” e a ligazón é <http://bibliotecaesobembibre.blogspot.com/>.

b) Instagram: as dúas bibliotecas contan cun perfil nesa rede social, que no caso da de infantil e primaria é <http://instagram.com/recunchodepistacho?igshid=NzZlODBkWE4Ng==> e no caso da de secundaria <https://www.instagram.com/valdolibro/?hl=es>.

TEMPOS DE LECTURA:

- Este curso desenvolveranse os clubs de lectura da etapa de primaria e secundaria nos recreos.
- Uso da biblioteca para os diferentes grupos de EI/EP en periodo lectivo.
- Utilización de parte da 4ª hora lectiva de EP para o desenvolvemento do proxecto lector.
- Utilización da biblioteca de ESO durante os segundos recreos.
- Realización de diferentes actividades interdisciplinares, coordinadas na maioría dos casos polos Equipos de Biblioteca e o Equipo de Dinamización da Lingua Galega.

4.- RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS

HUMANOS:

- Equipos de biblioteca, un para a de EI/EP e outro para a de ESO . Estes equipos estarán coordinados pola responsable de cada unha das bibliotecas.
- Profesorado de garda durante os recreos na biblioteca de ESO.
- Titores/as de EP para colaborar na biblioteca de aula e nos préstamos.
- Participación do alumnado e das familias no fomento da lectura.

MATERIAIS:

- Adquisición de fondos documentais, tanto impresos como audiovisuais, para as dúas bibliotecas do centro. O número aproximado de volumes rexistrados é o seguinte: biblioteca de EI/EP 6200 e duns 5500 na de secundaria.
- Incremento do número de exemplares de carácter infantil-xuvenil e novidades, para fomentar o hábito lector dunha maneira máis atractiva.

5.- ACTUACIÓNS DO CENTRO DESTINADAS AO FOMENTO DA LECTURA E DA ESCRITURA E Á ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS BÁSICAS

O Plan Lector debe entenderse como un conxunto de accións que integre diferentes actividades de animación lectora e dinamización das bibliotecas escolares, xunto a outras actividades que se dirixan a potenciar e desenvolver nos estudantes as competencias lectoras, así como fomentar o hábito e o pracer pola lectura e a escritura.

5.1.- EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA

As principais actuacións na Etapa de Educación Infantil e Primaria serán:

Clubs de lectura en EP: continuamos no curso 2023/24 cos clubs de lectura para cada un dos grupos da etapa de educación primaria. Haberá 7 profesores/as dinamizadores e realizarán a actividade aproveitando os recreos (máis información no documento nº 8 da PXA). De momento non están decididos os libros.

Lectura de contos: a diario, os alumnos/as de Infantil escoitarán un conto, que será lido pola titora do grupo.

Recunchos de lectura: o alumnado de infantil disporá en cada unha das aulas dun espazo específico para a visualización de contos e libros adaptados á súa idade. Así mesmo, na biblioteca tamén existen este tipo de espazos tanto para o alumnado de infantil como para o de primaria.

Establecemento dun horario de uso da biblioteca: todos os cursos terán semanalmente unha hora reservada para a utilización da biblioteca.

Recomendacións de libros e lecturas para os alumnos/as: ao longo do curso e

especialmente antes dos períodos de vacacións, o profesorado e os equipos de biblioteca ofrecerán recomendacións de libros adaptados a cada nivel.

Ampliación e actualización permanente do número de títulos ofertados: atendendo ás recomendacións do profesorado e dos propios alumnos/as, o equipo de biblioteca ampliará o catálogo de títulos ofertados para esta etapa.

Mellora das técnicas de estudo: Os titores de cada un dos grupos realizarán nas súas titorías, actividades relacionadas coa adquisición de técnicas de estudo e comprensión de textos. O equipo de biblioteca así como o Departamento de Orientación proporcionarán a requerimento dos titores/as, a orientación e o material necesario.

Actividades de comprensión lectora específicas de cada área: en cada unha delas traballarase a comprensión lectora.

Sistema de préstamo de libros aos alumnos/as: o equipo de biblioteca, ofrecerá un servizo de préstamo a través dos titores/as de cada grupo, coa intención de facilitarlles o acceso á lectura e familiarizándoos ao mesmo tempo co funcionamento real dunha biblioteca.

Asistencia de escritores/as ao centro: realización de charlas, coloquios, etc...

Dramatización de contos: aproveitando diferentes conmemoracións realizaranse este tipo de actividades.

Contacontos: relacionados coas festividades e conmemoracións (Samaín, Nadal,...)

Libro viaxeiro : libro que se vai creando e pasando por todas as aulas. Cada aula continua o conto.

Audiolibros: son contos que lles poñemos voz. E despois subimos ao blogue da biblio para seren escoitados.

Apadriñamento lector: os maiores lenlles contos aos máis pequenos.

Mes do teatriño: dramatizamos contos e os representamos en forma de teatriño e con monicreques.

Mochilas viaxeiras: mochilas que conteñen libros e algún material audiovisual e que van por todas as casas para que as familias poidan disfrutar desas lecturas cos nenos.

Itinerario lector: libros de obrigada lectura nos diferentes niveis educativos, que para este curso serán como mínimo os seguintes:

4º infantil: "Un libro"; "Cocorico".

5º infantil: "Por catro esquinitas de nada"; "A eiruguiña comelona".

6º infantil: "Nadarín", "A que sabe a Lúa".

1º EP: "Mundo de cores"; "Agente ricitos".

2º EP: “Feliz Feroz”; Catro cascarolos”.

3º EP: “Pesadelo no tren chocolate”; “Desde una estrella distante”.

4º EP: “Ás de mosca para Anxo”; “Aventuras de la mano negra”.

5º EP: “O cocho de carreiras Rudo Fouciños”; “20 mil leguas de viaje submarino”.

6º EP: “Don Quijote de la Mancha”; “Chamádeme Simbad”.

Bibliotecas de aula: selección de libros que reciben cada un dos grupos e que se van renovando durante o curso.

Ademais das actividades comentadas anteriormente e doutras que irán xurdindo ao longo do curso, o Equipo da Biblioteca de Infantil e Primaria manterá activo un Blog específico da biblioteca denominado "O Recuncho de Pistacho" con dirección web <http://recunchodepistacho.blogspot.com/>, así como un perfil na rede social de instagram, de dirección <http://instagram.com/recunchodepistacho?igshid=NzZIODBkWE4Ng==>

5.2.- EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

Para acadar os obxectivos, dende a Biblioteca Val do Libro, en colaboración cos diversos departamentos que compoñen o CPI de Bembibre realízanse entre outros os seguintes proxectos e actividades:

Clubs de lectura: realízanse desde hai moitos anos, para este curso solicítase un club de lectura para 1º, outro para 2º e un último para 3º e 4º, coa participación de 3 profesores/as dinamizadores/as (para máis información consultar o documento nº 8 da PXA). De momento están decididos os seguintes libros:

- 1º e 2º de ESO: (intercambiaranse entre eles):

1º Trimestre: “El asesinato del profesor de matemáticas”, de Jordi Sierra i Fabra.

2º Trimestre: “La evolución de Calpurnia Tate”, de Jaqueline Kelly.

3º Trimestre: “El curioso mundo de Calpurnia Tate”, de Jaqueline Kelly.

- 3º e 4º de ESO:

De momento, o primeiro libro escollido é “Últimas tendencias”, de Carlos negro.

Servizo de préstamo e consulta de libros na Biblioteca: funcionará no segundo recreo lectivo da mañá.

Recomendacións trimestrais de libros que son de actualidade ou recién chegados á Biblioteca Val do Libro.

Mantemento de seccións específicas na Biblioteca: con libros relacionados coa igualdade de xénero, colectivo LGTBI e educación especializada para alumnado con necesidades educativas especiais.

Representacións de performances, monólogos, contacontos, etc ..., asociados a efemérides e temas sociais de actualidade como o Día contra a violencia de xénero (25N), Día da muller traballadora (8M), Samaín, Saturnalia, Lupercalia, Día da paz, Día das Letras Galegas, Día das artes galegas, Día de Rosalía de Castro, etc.

Concursos onde se valore a expresión escrita: como por exemplo os concursos de relatos.

Realización de charlas, coloquios con escritores/as de interese para o alumnado.

Posta en marcha dun club de debate para participar en actividades con outros centros.

A maioría destas actividades citadas fixéronse durante os últimos anos. Seguirase traballando nesta liña na medida do posible, intentando incorporar outras novas.

Ademais das actividades comentadas anteriormente e doutras que irán xurdindo ao longo do curso, o Equipo da Biblioteca de secundaria difundirá as actividades relacionadas coa lectura a través dun perfil de Instagram <https://www.instagram.com/valdolibro/?hl=es> e do Blog da biblioteca de ESO <http://bibliotecaesobembibre.blogspot.com/2019/>.

6.- CONTRIBUCIÓN DAS DIFERENTES ETAPAS AO FOMENTO DA LECTURA.

6.1.- EDUCACIÓN INFANTIL

Para non repetir aspectos e contidos xa expostos noutros documentos oficiais do centro, na programación do 2ª Ciclo de Educación Infantil, aparecen reflectidas as diversas actuacións para o fomento da lectura. Pódense consultar na páxina web do centro, no apartado documentos xerais de centro.

6.2.- EDUCACIÓN PRIMARIA

Nas programacións didácticas dos diferentes niveis publicadas na páxina web do centro, pódense consultar as aportacións de cada un dos cursos ao fomento da lectura.

6.3.- EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

Tal como indicabamos nos outros apartados anteriores, nas programacións didácticas dos diferentes departamentos publicadas na páxina web do centro, pódense consultar as aportacións de cada un ao Proxecto Lector do centro.

7.- AVALIACIÓN

Os **criterios de avaliación** terán en conta o grao de cumprimento dos seguintes aspectos:

- Obxectivos.

- Organización de espazos e tempo.
- Uso e organización da biblioteca.
- Fomento da lectura e mellora de hábitos lectores.
- Integración das TIC no plan.
- Participación do alumnado, familias e profesorado.

Poderanse utilizar os seguintes **procedementos de avaliación:**

- Reunións periódicas do equipo da biblioteca, con posta en común das experiencias en torno ao Plan Lector.
- Enquisa ao alumnado sobre hábitos lectores e valoración da biblioteca como fonte de recursos para a aprendizaxe e a adquisición de coñecementos.
- Enquisa ás familias sobre hábitos lectores.
- Análise nas CCPs.
- Análise e valoración do profesorado sobre as actividades desenvolvidas.
- Análise nas CCPs das actuacións do Plan Lector.
- Memoria das bibliotecas.

ADDENDA DO PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO

CPI de Bembibre

Curso 2023-20224

ÍNDICE

| | |
|---|-----|
| 1.- INTRODUCCIÓN | 136 |
| 2.- EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA | 136 |
| 3.- DESENVOLVEMENTO | 137 |
| 4.- REPARTO DA LINGUA DAS MATERIAS: PLURILINGÜISMO | 140 |
| <u>4.1.- EDUCACIÓN PRIMARIA</u> | 140 |
| <u>4.2.- EDUCACIÓN SECUNDARIA</u> | 142 |

1.- INTRODUCCIÓN

No CPI de Bembibre, o galego é a lingua utilizada normalmente para a comunicación entre o profesorado e o alumnado e, en xeral, entre tódolos membros da Comunidade Escolar. Tamén é a empregada en tódolos escritos que saen deste Centro.

Labor destacada, aglutinando os esforzos de mestres/as, profesores/as, alumnos/as e demais membros da comunidade educativa, é a que realiza o Equipo de Dinamización da Lingua Galega, que ten como preocupacións fundamentais fomentar o uso do idioma galego en tódalas situacións, a galeguización do ensino respectando a lexislación vixente, dar a coñecer ó alumnado a cultura galega celebrando efemérides tradicionais, festas gastronómicas locais e culturais, elaborando material didáctico en galego e todo aquilo que axude a manter vivas as tradicións e a cultura propias do noso pobo.

2.- EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

Seguindo o Decreto 79/2010, para potenciar e fomentar o uso da lingua galega no centro, constituíuse O Equipo de Dinamización da Lingua Galega que foi nomeado polo director, tras a proposta da Comisión de Coordinación Pedagóxica (profesores do equipo), da Xunta de Delegados (alumnos/as do equipo) e do persoal non docente (persoal non docente do equipo). Este equipo ten un papel fundamental no deseño, posta en práctica e revisión dos programas de promoción da lingua galega.

Os membros que forman parte del son os seguintes:

Profesores/as e Mestres/as:

- EI: Cristina Pájaro Piñeiro
- EP: Cristina Sanín Míguez (Coodinadora).

-ESO: Xosé Bestilleiro Bello (Profesor de lingua Galega).

Persoal non docente

- Carmen García Noya (Conserxe).

Alumnado

- Carmen Varela García (6º EP)
- Alberto Maneiro Villasenín (3º ESO)
- Lucía Fraga Periscal (1ºESO)

Outros docentes colaboradores co Equipo:

- Vanessa Martínez Carrera (titora de 3º Educación Primaria).
- Patricia Villar García (Titira de 6º Educación Infantil)
- Isabel Mato Platas (Mestra especialista en Pedagogía Terapéutica Primaria).

3.- DESENVOLVEMENTO

Segundo o **Decreto 79/2010 do 20 de maio para o plurilingüismo no ensino non universitario** na addenda deben constar os seguintes datos:

1. Nos centros que imparten educación infantil, os resultados da pregunta aos pais, nais, titores/as ou representantes legais do alumnado para obter información respecto da lingua materna predominante entre o alumnado, e as actividades e estratexias de aprendizaxe para que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento das linguas oficiais.
2. En todos os centros en que haxa unha modificación na impartición de materias en lingua(s) estranxeira(s), información sobre os cambios aprobados polo centro e autorizados pola consellería competente en materia de educación.
3. En todos os centros, información e valoración dos programas e actividades para o fomento e dinamización da lingua galega realizados polo centro educativo no curso anterior e información do que se vai desenvolver no curso seguinte.
4. Sen prexuízo do previsto na epígrafe 4 deste artigo, a Administración educativa avaliará os proxectos lingüísticos dos centros e fará o seguimento dos resultados que se desprendan da súa aplicación coa finalidade de adoptar, se é o caso, as medidas necesarias para garantir que o alumnado adquira de forma oral e escrita a competencia lingüística propia de cada nivel e etapa nas dúas linguas oficiais de Galicia, como establece o artigo 14.3º da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística.

Na **etapa de educación infantil**, tal como indica o D. 79/2010 do 20 de maio para o plurilingüismo no ensino, o profesorado emprega na aula **o galego** xa que **é a lingua predominante entre o alumnado** segundo a enquisa realizada ás familias; tendo en conta a lingua do contorno e coidando de que o alumnado adquira, de forma oral e

escrita, o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia dentro dos límites das etapas ou ciclos. Tamén se atende de xeito individualizado ao alumno/a tendo en conta a súa lingua materna.

No proxecto lingüístico fanse constar unhas **actividades e estratexias da aprendizaxe empregadas para que o alumnado de educación infantil adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento das dúas linguas oficiais** tales como:

- Relatar feitos, comunicar ideas e facer peticións.
- Empregar fórmulas de cortesía tales como: saúdos, despedidas...
- Describir obxectos, obras de arte, fotografías, etc.
- escoitar contos e dramatizar textos literarios.
- Xogar ás palabras encadeadas, aumentando así o vocabulario.
- Dramatizar textos literarios.
- Comprender e recitar relatos, poesías, rimas...
- Xogar ás adiviñas.
- Aprender trabalinguas, cancións...
- Pronunciar onomatopeas
- Participar en obras de teatro con títeres ou monicreques.
- Identificar palabras escritas moi significativas e funcionais
- Empregar as TICs (xogos do ordenador, internet, pantalla dixital, aula virtual, páxina do centro,...) para o fomento da lingua, etc.
- Utilizar a biblioteca de aula e a do centro, etc.

En relación a información e valoración dos programas e actividades para o fomento e dinamización da lingua galega realizados polo centro educativo no curso anterior, dicir que **no** mes de xuño elaborouse a memoria descritiva, económica e gráfica xustificativa das actividades levadas a cabo o curso pasado que estaban programadas no proxecto de fomento do uso do galego e os resultados obtidos consideráronse satisfactorios xa que se conseguiron acadar gran parte dos obxectivos formulados no proxecto. Hai que sinalar que tanto o equipo de Dinamización Lingüística, como o resto do persoal docente e non docente (familias, cociñeiras, conserxe, coidadoras, persoal do concello, veciños da vila, etc.) implicáronse considerablemente naquelas actividades onde se lle pediu colaboración. Por todo isto, podemos concluír dicindo que a VALORACIÓN do proxecto foi POSITIVA.

As **actividades programadas**, para levar a cabo durante **o curso presente** co obxectivo principal de fomentar e dinamizar a lingua galegas son as seguintes:

| TEMPORALIZACIÓN | ACTIVIDADES DINAMIZADORAS |
|-----------------|--|
| Todo o curso | Actualización dos taboleiros de Dinamización da lingua galega. |
| Todo o curso | Dinamización da páxina web do centro e instagram |
| Todo o curso | Conferencias, actividades extraescolares e complementarias, visitas de escritores/as, obras de teatro, contacontos, coloquios e outros certames que vaian xurdindo ó longo do curso. |

| | |
|----------------------------------|--|
| Todo o curso | Plan Proxecta Alimentate Ben |
| Todo o curso | Plan Proxecta Xogade |
| Todo o curso | Utilización das TICs no fomento do uso do galego, coordinación co resto dos Equipos. |
| | ACTIVIDADES RELACIONADAS COAS CONMEMORACIÓNS |
| 1º Trimestre | Actividades relacionadas co Samaín e o Magosto relacionando o departamento de Dinaminización e Biblioteca. |
| 1º Trimestre | 25 de Novembro: Día da violencia de xénero |
| 1º Trimestre | Concurso de postais de Nadal. |
| 1º Trimestre | Celebración das campás e tarefas relacionadas co Nadal. |
| 2º Trimestre | Día da Paz (manifesto pola paz, carreira solidaria e canción). |
| 2º trimestre | 14 de febreiro, día do amor e a amizade (lemas, manifesto e certame) |
| 2º Trimestre | Día de Rosalía de Castro (24 de Febreiro) |
| 2º Trimestre | O Entroido |
| 3º trimestre | Día da muller traballadora (8 de marzo) |
| 3º trimestre | Semana da prensa e día do libro (abril) |
| 3º trimestre | Acoso escolar (maio e xuño) |
| 3º Trimestre (9 o 16 de maio) | Día dos maios. |
| 3º Trimestre | Semana das Letras Galegas: homenaxe a un/ha escritor/a galego/a. |
| 3º Trimestre | Xuño: colaboración na realización dos festivais de graduación |

Se é necesario especificar que dentro das actividades expostas anteriormente temos contemplado diferentes medidas para o alumnado sen suficiente dominio nas linguas onde se levará a cabo unha serie de medidas encamiñadas a conseguir a correcta competencia lingüística, tal e como se reflexa no Proxecto Lingüístico e na lexislación vixente.

Farase unha avaliación inicial da competencia lingüística do alumnado cando chegue ao centro, e contarase coa colaboración das familias, que serán informadas puntualmente, e demais membros de claustro.

De este modo, con estas actividades plasmadas levaremos a cabo as seguintes liñas de actuación en favor o fomento e dinamización da lingua galega:

- Velar polo compromiso de que tódolos comunicados se realicen en lingua galega.
- Manter vivas as tradicións con celebracións como “Magosto”, “Samaín”, “Entroido”, “Festa dos Maios”...
- Elaboración de unidades didácticas e outro material multimedia en galego, en

colaboración co Equipo Tics..

- Campañas de fomento dos xogos tradicionais galegos: billarda, trompos, mariola... respectando as aulas estables. .
- Organización de certames de poesía, pintura, narrativa, ensaio,... en lingua galega.
- Mantemento da páxina web, elaborada na súa totalidade en galego.
- Procurar a provisión de fondos bibliográficos e fonográficos en lingua galega, en colaboración co Equipo de Biblioteca.
- Solicitar axudas económicas para actividades que promoven o fomento do idioma galego.
- Fomentar a coordinación entre os equipos para que potencien o uso do idioma nun mesmo ámbito sectorial e con accións concretas e eficaces.
- Animar aos equipos do centro para que a súa acción incida sobre a súa contorna.

4.- REPARTO DA LINGUA DAS MATERIAS: PLURILINGÜISMO

En Educación primaria e Secundaria o centro determinou, en cumprimento do indicado no Decreto 79/2010, a distribución de idiomas e áreas por materia e nivel tal e como aparece reflexado a continuación.

4.1.- EDUCACIÓN PRIMARIA

| 1º CURSO | | | |
|----------------------------|-----------------|-----------------------------|-----------------|
| GALEGO | Nº HORAS | CASTELÁ | Nº HORAS |
| Lingua Galega e Literatura | 4 | Lingua Castelá e Literatura | 4 |
| Ed. Física | 2 | Plástica | 1 |
| CC Naturais | 3 | Matemáticas | 5 |
| Relixión | 1 | Música | 1 |
| TOTAL HORAS | 12 | TOTAL HORAS | 11 |

| 2º CURSO | | | |
|----------------------------|-----------------|-----------------------------|-----------------|
| GALEGO | Nº HORAS | CASTELÁ | Nº HORAS |
| Lingua Galega e Literatura | 4 | Lingua Castelá e Literatura | 4 |
| Ed. Física | 2 | Matemáticas | 5 |
| CC Naturais | 2 | Valores Sociais e Cívicos | 1 |
| CC Sociais | 3 | Música | 1 |
| Relixión/prox competencial | 1 | | |
| TOTAL HORAS | 12 | TOTAL HORAS | 11 |

| 3º CURSO | | | |
|-----------------|--|--|--|
|-----------------|--|--|--|

| GALEGO | Nº HORAS | CASTELÁ | Nº HORAS |
|----------------------------|-----------------|-----------------------------|-----------------|
| Lingua Galega e Literatura | 4 | Lingua Castelá e Literatura | 4 |
| Ed. Física | 2 | Matemáticas | 5 |
| CC Naturais | 3 | plastica | 1 |
| CC Sociais | 2 | Música | 1 |
| TOTAL HORAS | 11 | TOTAL HORAS | 11 |

| 4º CURSO | | | |
|------------------------------|-----------------|-----------------------------|-----------------|
| GALEGO | Nº HORAS | CASTELÁ | Nº HORAS |
| Lingua Galega e Literatura | 4 | Lingua Castelá e Literatura | 4 |
| Ed. Física | 2 | Matemáticas | 4 |
| CC Naturais | 2 | plastica | 1 |
| CC Sociais | 3 | Música | 1 |
| Relixión/proxe. competencial | 1 | | |
| TOTAL HORAS | 12 | TOTAL HORAS | 10 |

| 5º CURSO | | | |
|----------------------------|-----------------|-----------------------------|-----------------|
| GALEGO | Nº HORAS | CASTELÁ | Nº HORAS |
| Lingua Galega e Literatura | 4 | Lingua Castelá e Literatura | 4 |
| Ed. Física | 2 | Matemáticas | 4 |
| CC Naturais | 2 | Música | 1 |
| CC Sociais | 3 | Plástica | 1 |
| | | Relixión/proxe.competencial | 1 |
| TOTAL HORAS | 11 | TOTAL HORAS | 11 |

| 6º CURSO | | | |
|-----------------------------|-----------------|-----------------------------|-----------------|
| GALEGO | Nº HORAS | CASTELÁ | Nº HORAS |
| Lingua Galega e Literatura | 4 | Lingua Castelá e Literatura | 4 |
| Ed. Física | 2 | Matemáticas | 4 |
| CC Naturais | 3 | Música | 1 |
| CC Sociais | 2 | Plástica | 1 |
| Relixión/prox. competencial | 1 | Valores Sociais e Cívicos | 1 |
| TOTAL HORAS | 11 | TOTAL HORAS | 11 |

4.2.- EDUCACIÓN SECUNDARIA

1º ESO:

| GALEGO | HORAS | CASTELÁN | HORAS |
|----------------|-----------|--------------|-----------|
| L.G | 3 | L.C | 3 |
| XH | 3 | MATE | 5 |
| BIO | 4 | TEC E DIX | 3 |
| RELIXIÓN/PROX. | 1 | PLÁSTICA | 2 |
| E.F | 2 | | |
| TOTAL | 13 | TOTAL | 13 |

2º ESO:

| GALEGO | HORAS | CASTELÁN | HORAS |
|--------------|-----------|--------------|-----------|
| L.G | 4 | L.C | 3 |
| XH | 3 | MATE | 4 |
| RELIXIÓN | 1 | F.Q | 3 |
| E.F | 2 | TEC E DIX | 3 |
| MÚSICA | 2 | | |
| | | | |
| TOTAL | 12 | TOTAL | 13 |

3º ESO:

| GALEGO | HORAS | CASTELÁN | HORAS |
|----------------|-----------|-------------------|-----------|
| L.G | 3 | L.C | 3 |
| XH | 3 | MATE | 4 |
| BIO | 2 | F.Q | 2 |
| PLÁSTICA | 2 | DIX/CUCA/ORATORIA | 3 |
| E.F | 2 | MÚSICA | 2 |
| RELIXIÓN | 1 | | |
| ED. EN VALORES | 1 | | |
| TOTAL | 14 | TOTAL | 14 |

4º ESO:

| GALEGO | HORAS | CASTELÁN | HORAS |
|--------|-------|----------|-------|
|--------|-------|----------|-------|

| | | | |
|------------------|-----------|--------------|-----------|
| L.G | 3 | L.C | 3 |
| XH | 3 | MATE | 4 |
| BIO/LATÍN | 3 | F.Q/ECONOMÍA | 3 |
| EX. ART./FRANCÉS | 3 | TEC/ORATORIA | 3 |
| E.F | 2 | RELIXIÓN | 1 |
| | | | |
| TOTAL | 14 | TOTAL | 14 |

A modo de conclusión, destacar que o proxecto lingüístico do centro é unha parte obrigatoria do Proxecto educativo, PE, así como esta addenda estará incluída no programación xeral anual, PXA, tal e como indica a lexislación vixente, D.7/1999 polo que se establece o regulamento orgánicos dos CPI.

Bembibre, 08 de setembro de 2023
Cristina Sanín Míguez
A coordinadora

CONCRECIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA DO CPI DE BEMBIBRE PARA O CURSO 2023/24

ÍNDICE

| | |
|---|------------|
| 1.- INTRODUCCIÓN | 144 |
| 2.- OBXECTIVOS E ACTUACIÓNS XERAIS | 144 |
| 3.- DESCRICIÓN DAS ACTIVIDADES E PROPOSTAS PARA ESTE CURSO ACADÉMICO | 146 |

1.- INTRODUCCIÓN

Mellorar a convivencia no centro é un obxectivo prioritario da nosa comunidade educativa; diríamos que é un dos fins de toda educación, xa que a través da mesma preténdese a socialización e incorporación á sociedade das novas xeracións.

Aprender a vivir xuntos, aprender a convivir cos demais, ademais de constituir unha finalidade esencial da educación, representa un dos principais retos para os sistemas educativos actuais.

Son moitas as razóns que fan que esta aprendizaxe sexa considerada non valiosa en si mesma, senón imprescindible para a construción dunha sociedade máis democrática, máis solidaria, máis cohesionada e máis pacífica.

2.- OBXECTIVOS E ACTUACIÓNS XERAIS

Os principais obxectivos e actuacións xerais para este curso serán as seguintes:

| OBXECTIVOS | ACCIÓNS | RESPONSABLES | TEMPORALIZACIÓN | AVALIACIÓN |
|---|---|--|-----------------|--|
| - Concienciar e sensibilizar á comunidade educativa da importancia da mellora da convivencia escolar. - Conciencia e sensibilizar á comunidade educativa da importancia da diversidade e o seu potencial enriquecedor. | -Difusión do Plan de Convivencia (en adiante PC). -Traballo nas titorías. -Realización de actividades específicas. -Incorporación ao PAT de actividades para a mellora da convivencia na aula e no centro. | Equipo Directivo, profesorado e Departamento de Orientación | Todo o curso | - Avaliación a final de curso. - Memoria final de centro. |
| -Realizar actividades de potenciación da convivencia. -Fomentar a reflexión e o diálogo como | - Organización de actividades variadas para potenciar a igualdade, tolerancia e convivencia. | Equipo Directivo. - Equipos de biblioteca. - Equipo de Dinamización lingua Galega. | Todo o curso. | - Memorias finais. |

| | | | | |
|--|---|--|-----------------------------------|--|
| método para a resolución de conflitos. -Fomentar a tolerancia. -Evitar pensamentos e condutas tóxicas. | | - Profesorado. | | |
| Garantir que todos os membros da comunidade educativa coñezan os seus dereitos e deberes e sexan respectados. | -Publicación do PC e do NOF na páxina web. -Traballo nas titorías. -Traballo en Valores éticos. -Traballos para complementarias e extraescolares. | - Equipo Directivo, Titores e Departamento de Orientación. | -Sobre todo a principio de curso. | -Actualización dos documentos na WEB. -Avaliación do traballo nas titorías. |
| Mellorar o clima de convivencia entre os integrantes da comunidade. | - Potenciación das relacións cordiais, o uso do diálogo, respecto ás opinións,, etc. -Fomentar o apoio entre iguais. -Ser concientes da diversidade da comunidade educativa , valorala e respectala. - Realización de actividades. | Toda a Comunidade Educativa | -Todo o curso | - Avaliación final. |
| Cumprir o Plan de Acolida para os alumnos/as que veñen de fóra. | - Cumprimento do recollido no Plan. | -Todo o profesorado. | -Todo o curso | - Memoria final de centro. |
| Facilitar a prevención, detección, tratamento, seguimento, xestión e resolución dos conflitos que poidan xurdir. | -Observación do alumando nas aulas, recreos e comedor. - Formación específica do profesorado. - Realización de actividades de prevención e concienciación. - Aplicación do recollido no Plan de Convivencia e no NOF. | - Comisión de Convivencia. - Xefaturas de estudo. - Departamento de Orientación. - Profesorado. | -Todo o curso | - Actas de reunión da Comisión de Convivencia. - Memoria final de centro. |
| Rexistrar aquelas condutas inapropiadas no parte de incidencias | - Redacción obxectiva dos partes de incidencia. | - Todo o profesorado. | -Todo o Curso | - Rexistro de partes de incidencia. |
| Potenciar a conciliación e a mediación para a resolución pacífica de conflitos. | - Utilización da mediación e da conciliación na maior parte dos conflitos. | -Toda a Comunidade Educativa. | -Todo o curso | - Análise dos resultados da mediación nos conflitos. |
| Fomentar a participación, | - Contacto permanente coas | - Equipo Directivo, Departamento de | Todo o curso. | - Valoración trimestral. - Actas de reunións. |

| | | | | |
|--|--|--|---------------|--|
| comunicación e cooperación coas familias como forma de mellora da convivencia. | familias. | Orientación e Titores/as. | | |
| Ensinar a rexeitar calquera manifestación violenta e discriminatoria. | - Traballo nas titorías. - Organización de actividades de sensibilización e concienciación. | - Equipo Directivo, Titores/as e Profesorado. | Todo o curso | Avaliación final nas memorias correspondentes. |
| Revisar o NOF de forma periódica | - Análise nas CCPs. - Presentación das modificacións propostas no Claustro e no Consello Escolar. | - Equipo Directivo. - Membros da CCP. - Profesorado. | Todo o curso. | - Aprobación das modificacións do NOF polo Consello Escolar. |

3.- DESCRICIÓN DAS ACTIVIDADES E PROPOSTAS PARA ESTE CURSO ACADÉMICO.

Antes de describir as actividades propostas para este curso, é necesario recordar que Convivencia e Igualdade son dos aspectos íntimamente relacionados entre sí, polo que gran parte das actividades que aparecen a continuación tamén van dirixidas ao traballo da igualdade.

Así mesmo, indicar que esta concreción do Plan de Convivencia non é un documento pechado, xa que ás actividades que indicaremos posteriormente uniranse outras que vaian xurdindo ao longo do curso e que serán reflectidas na memoria correspondente.

A maioría das actividades descritas a continuación serán organizadas polos Equipos de Biblioteca, o Equipo de Dinamización da Lingua Galega, o Departamento de Orientación e o Departamento de Actividades Complementarias e Extraescolares coa colaboración do resto do Profesorado e o Equipo Directivo.

DURANTE O 1º TRIMESTRE:

Nas primeiras semanas de clase:

Desde o centro educativo e coordinado polo Departamento de Orientación, realizaranse as seguintes accións:

- Acoller ao alumnado de nova incorporación ao Centro, amosándolle as instalacións e o seu funcionamento.
- Realizar unha reunión de presentación coas familias do alumnado de 4º de infantil e 1º de ESO.
- Realizar reunións de presentación dos titores/as das diferentes etapas coas familias.
- Dar a coñecer ás familias datos de interese sobre o centro e a docencia a comezo de curso como a listaxe de profesores/as que imparten as distintas materias, o horario escolar, as horas de atención a familias de cada docente, as datas de avaliacións, os festivos e períodos vacacionais, o emprego de espazos virtuais (web do centro, Tokapp, Aula virtual) etc.
- Favorecer a integración e participación de todo o alumnado do centro nas diferentes

actividades propostas, evitando actitudes que non favorezan a integración e relación entre iguais.

Espectáculo teatral “o pequeno poni”

Organizadoras: Coordinadora de benestar e convivencia e orientadora.

Obxectivos:

- Saber aceptar as diferenzas “do outro”.
- Reflexionar acerca da liberdade, o medo e o instinto de protección.
- Reflexionar sobre o acoso escolar e como este pode afectar a quen o sofre.

Destinatarios: alumnado de 1º e 2º da ESO.

Duración: 1,5 horas

Temporalización: 1º trimestre.

Localización: Salón Teatro – Santiago de Compostela

Solicitude dun PFP para a mellora do benestar no centro

Organizadora: coordinadora de benestar e convivencia.

Obxectivo: dotar ao profesorado de formación que posibilite unha mellora da convivencia e do benestar no centro.

Temporalización: a intención é solicitalo ao CAFI no primeiro trimestre e estará dirixido para todo o profesorado do centro.

Promoción da escola de nais e pais

Poñerémonos en contacto coa ANPA para ofrecerlle a posibilidade de realizar a través do CAFI, charlas para as familias con temáticas variadas, incluíndo aspectos relacionados coa mellora da convivencia.

Novas propostas para o tempo de lecer do alumnado de EI/EP nos recreos.

Organizador: Equipo de Biblioteca de infantil e primaria e EDLG.

Obxectivo: mellorar a convivencia e a relación do alumnado destas etapas, a través da promoción de novas actividades para os recreos .

Temporalización: intentarase que estean dispoñibles xa no 1º trimestre.

Destinatarios: alumnado de EI/EP.

Obradoiro de sexualidade: impartido polo centro quérote+

Organizador: Departamento de Orientación.

OBXECTIVOS:

- Desmantelar mitos, estereotipos e falsas crenzas presentes na sexualidade.
- Estimular a valoración crítica dos mozos e mozas no acceso e análise da información sobre sexualidade.
- Impulsar e traballar sobre a perspectiva da diversidade sexual.
- Favorecer a autonomía reflexiva e construtiva de rapaces e rapazas na construción da súa identidade.

Destinatarios: alumnado de 3º da E.S.O.

Duración: unha sesión de 100´.

Temporalización: 1º trimestre.

Localización: instalacións do centro educativo.

Día Internacional Contra a Violencia cara ás Mulleres (25 de novembro):

Celebrarase o día **25 de novembro** e asistirá todo o alumnado do centro.

Actividades:

- Lectura do manifesto contra as violencias machistas (primaria e secundaria).
- Pegada de carteis por todo o centro contra a violencia de xénero (primaria e secundaria).
- Realización dunha manifestación con pancartas realizadas polos nenos. A manifestación recorrerá as rúas do pobo. Todo o alumnado irá con pancartas e levantando a voz con lemas contra a violencia de xénero.

Obxectivos:

- Desenvolver e potenciar a tolerancia no noso alumnado.
- Descubrir a violencia como un problema social que nos afecta todas e todos e contra o que debemos loitar para terminar con el.
- Construír unha sociedade máis equitativa e xusta, onde as relacións entre homes e mulleres baséense na igualdade.
- Promover unha educación non discriminatoria, non sexista e non violenta.
- Combater a linguaxe sexista e a degradación das mulleres.
- Aprender a expresar as emocións de forma adecuada, evitando os insultos, agresións, berros...
- Mostrar e visibilizar a gravidade da violencia de xénero dentro dos centros educativos.
- Descubrir as consecuencias que trae a desigualdade entre homes e mulleres.
- Identificar, visualizar e definir todas as formas de violencia que se exercen sobre as nenas e mulleres.
- Previr a violencia como medio para acabar con ela.

Participación: todas as etapas.

Día internacional das persoas con discapacidade (3 de decembro):

Organizada polo equipo de dinamización da biblioteca de infantil e primaria, celebrarase o 2 de decembro.

Actividades:

- Relacionadas coa promoción da inclusión da discapacidade.
- Realización dun puzzle xigante no que cada neno/a aportará unha peza do puzzle elaborado por el no que escribirá o seu punto débil e forte.

Obxectivos:

- Promover os dereitos e o benestar das persoas con discapacidade.
- Concienciar ao alumnado sobre as dificultades que teñen as persoas discapacitadas, en algúns aspectos das súas vidas.

Participación: EI/EP.

Carreira solidaria

- Carreira na que todo infantil e primaria participa para conseguir recaudar diñeiro para

colaborar cunha ONG.

Obxectivos:

- Desenvolver un espírito crítico no noso alumnado ante as inxustizas que se dan no mundo con respecto aos dereitos dos nenos e nenas e conciencialos das necesidades dos outros, tanto o máis lonxano como o máis cercano.

Participación: EI/EP.

DURANTE O 2º TRIMESTRE:

Habilitar o “Banco da amizade”

Organizador: Equipo de Biblioteca de primaria e EDLG.

Obxectivo: fomentar a integración do alumnado de E.I e E.P. cos iguais.

Temporalización: prepararse a final do 1º ou ao inicio do 2º trimestre.

Destinatarios: alumnado de EI/EP.

Taller de habilidades sociais

Organizador: Departamento de Orientación.

Impartido pola orientadora do centro.

Obxectivos:

Mellorar na capacidade de relacionarse cos compañeiros.

- Aprender a “dicir non” en determinadas situacións do día a día.
- desenvolver estratexias para resolver conflitos no colexio e no seu entorno.
- Aprender a coñecer os seus dereitos e os dos demais.

Duración: 1 sesión dunha hora.

Destinatarios: alumnado de 4º de primaria.

Temporalización: 2º trimestre.

Localización: instalacións do centro educativo

Charla - obradoiro de educación afectivo sexual:

Organización: Impartido pola matrona do Centro de Saúde, coa colaboración da orientadora do CPI de Bembibre.

Número de Obradoiros: dous (un para 5º e outro para 6º de E.P.)

OBXECTIVOS:

- Adquirir información e coñecementos axeitados para unha educación sexual saudable.
- Coñecer os cambios físicos e psíquicos que os/as alumnos/as están a vivenciar para afrontalos con naturalidade.
- Crear hábitos de hixiene, sono e alimentación necesarios para un bo desenvolvemento.
- Dar a coñecer á profesional sanitaria e os servizos que nos ofrecen dende o Centro de Saúde en relación á sexualidade, en particular e á saúde en xeral.

Destinatarios: alumnado de 5º e 6º cursos de E.P.

Duración: unha sesión de 100´.

Temporalización: 2º trimestre.

Localización: instalacións do centro educativo.

Día da Paz (30 de xaneiro):

Actividades:

- Organización dunha carreira solidaria (EI/EP).
- Elaboración dunha ambientación por medio de diapositivas na biblioteca con lemas de paz concurso de debuxos para o día da paz (EI/EP)..
- Realización dun concurso para deseñar unha pancarta co lema “Educando pola PAZ” que colgaremos na entrada do colexio ao igual que o curso pasado (EI/EP).
- Solta de globos biodegradables por titorías (EI/EP).
- Ambientación do edificio de secundaria con lemas sobre a paz (ESO).
- Traballaremos unha canción elexida que represente e transmita unha mensaxe. Canción que cantaremos e bailaremos todos xuntos no patio.

Obxectivos:

- Promover a tolerancia e o respecto como medio para conseguir unha sociedade mellor, onde as persoas convivan en paz.
- Respetar as diferencias individuais, entendéndoas como unha fonte de riqueza, e nunca como forma de discriminación.
- Seguir promovendo a mellora da convivencia no centro educativo

Participación: Todas as etapas educativas.

Entroido

Haberán diferentes actuacións durante os días previos, pero os actos principais celebraranse o día 9 de febreiro.

Actividades:

- Desfile de comparsas polo centro de Bembibre (infantil, primaria, secundaria e asociación de discapacitados AVANTE).
- Baile e chocolatada no pabillón de Bembibre para os participantes.

Obxectivos:

- Disfrutar das nosas tradicións
- Potenciar o pensamento creativo e a competencia de sentido e espírito emprendedor.
- Potenciar a convivencia e o respecto á diversidade das persoas.

Participación: todas as etapas e a asociación de discapacitados AVANTE invitada polo centro.

Día da muller traballadora (8 de marzo):

A comunidade educativa conmemora a loita da muller pola súa participación dentro da sociedade, en pé de emancipación da muller e no seu desenvolvemento íntegro como persoa.

Actividades:

- Monólogos
- Microteatro (estereotipos femininos)
- Performances (igualdade da muller e empoderamento)
- Ciclo de cine sobre a muller
- Elaboración de pancartas e outros elementos.
- Charla-coloquio virtual dalgunha muller, narrando a súa experiencia no mundo laboral.
- Realizárase un mural onde se visualice o movemento feminista.
- Proporase lecturas dende a biblioteca sobre esta temática.

Obxectivos:

- Promover e concienciar ao alumnado sobre o respecto aos dereitos das mulleres.
 - Denunciar calquera tipo de discriminación contra a muller.
 - Erradicar da sociedade calquera tipo de estereotipo sexista.
- Participación: todas as etapas educativas.

DURANTE O 3º TRIMESTRE:

Participación no Programa Iniciación segura á pegada dixital e ás redes sociais.

Organizador: Departamento de Orientación.

Impartido por persoal da Consellería.

OBXECTIVOS:

- Previr riscos asociados ás novas tecnoloxías e ao uso das redes sociais.
- Adquirir información e coñecementos sobre a identidade dixital.
- Achegar ferramentas para que poidan gozar das novas tecnoloxías e non facer que lle xeren situacións non desexadas.
- Facilitar a reflexión sobre os usos que poden ter estas redes. Sensibilizar na xestión axeitada das redes sociais.

Duración: 1 sesión

Destinatarios: alumnado de 4º da ESO

Temporalización: 3º trimestre.

Localización: instalacións do centro educativo

Día internacional contra o acoso escolar (2 de maio):

Actividades:

- Participación de todo alumnado en actividades dirixidas á concienciación do alumnado sobre a necesidade de erradicar calquera situación relacionada co acoso escolar.
- Coa axuda das familias, elaboraremos lemas en repulsa do acoso escolar que escribiremos polas paredes dos baños tanto de nenos como das nenas. Esta actividade continuará o que xa se comezou os cursos anteriores.
- Visualizárase vídeo para identificar situacións de bullying e proporase diferentes estratexias para solventar o acontecido.
- Poñerase un banco no patio no que os alumnos poderán sentarse cando se sintan sós e necesiten compañía. Chamarase "O banco da amizade".

Obxectivos:

- Explicar ao alumnado en que consiste o acoso escolar, concienciándoo sobre as graves repercusións que ten sobre as vítimas.
- Traballar estratexias para evitar situacións de acoso escolar no centro educativo.
- Concienciar á comunidade escolar sobre a necesidade de denunciar calquera situación de posible acoso escolar.

Participación: EI/EP.

Día mundial do medio ambiente (5 de xuño):

Actividades:

- Participación de todo alumnado en actividades dirixidas á concienciación do alumnado

sobre a necesidade de coidar a nosa contorna, colaborando así na mellora do ecosistemas.

Obxectivos:

- Concienciar ao alumnado da necesidade de coidar o noso entorno.
- Concienciar aos nosos alumnos da necesidade de contribuir cada un de nós a través das nosas actuacións á mellora do medio ambiente.

Participación: EI/EP.

DURANTE TODO O CURSO:

Ademais das actividades anteriores temporalizadas por trimestres, realizaranse outras repartidas durante todo o curso, con datas e contidos aínda por determinar, pero baseadas en diferentes actuacións.

Actividades coordinadas a través do equipo de EDLG e organizadas polas bibliotecas de EI/EP e ESO:

As principais actividades coa temática da igualdade, dereitos, respecto, tolerancia e convivencia, plantearanse baixo diferentes formatos:

- Obradoiros de narración oral (EI/EP/ESO).
- Exposicións (EI/EP e ESO).
- Microteatro (EI/EP).
- Teatro de monicreques (EI/EP).
- Contacontos (EI/EP).
- Monólogos (EP/ESO)
- Performances (EI/EP/ESO)
- Karaoke (EI/EP)
- Obradoiros (EI/EP/ESO)
- Seccións especiais para libros destinados á igualdade de xénero, colectivos LGTBI e estudantes con necesidades educativas especiais. (EI/EP/ESO)

Outras actividades varias de convivencia, igualdade e relacións sociais:

Algunhas destas propostas están pendentes de análise para ver a viabilidade da súa realización:

- Festivais Nadal e festival de fin de curso.
- Excursións.
- Andainas.
- Actividades deportivas con outros centros educativos.
- Charlas, conferencias.
- Proxectos interdisciplinares.
- Activismo estudantil.

Participantes: EI/EP/ESO